
LIÑAS XERAIS DA PROGRAMACIÓN ORZAMENTARIA 2022-23

Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica

10 de decembro de 2021

INTRODUCCIÓN

A modificación dos Estatutos da UDC do 11 de outubro de 2007 (DOG do 17 de outubro) incorporou ás competencias do Claustro a aprobación das liñas xerais da programación orzamentaria plurianual. Polo tanto, corresponde explicar en detalle as liñas xerais da programación orzamentaria para o período 2022-23. O documento continúa cunha estrutura similar aos anos precedentes, mais inclúense apartados novos e específicos caso das novidades do novo Plan de Financiamento 2022-26, as novidades con respecto a xestión do IVE de investigación, o Plan estratéxico 2022-26 e os Fondos Next Generation. Tamén están recollidas as novidades con respecto aos programas de aforro e eficiencia enerxética e a Cidade das TIC. Os contidos deste documento de liñas orzamentarias estrutúranse nos seguintes apartados:

1. Plan de financiamento do sistema universitario galego 2022-26
2. Contexto orzamentario
 - 2.1 Evolución orzamentaria
 - 2.2 Previsión de calendario para aprobar os orzamentos de 2022
3. Principais fontes de financiamento do PFSUG no período 2022-26
4. Síntese das principais fontes de financiamento do PFSUG no período 2021-22
5. Previsión de ingresos e gastos
 - 5.1 Previsión dos ingresos para 2022
 - 5.2 Previsión dos gastos para 2022
 - 5.3 Previsión de ingresos e gastos para 2023
6. Tesouraría e dereitos pendente de cobramento
7. Evolución do PDI e PAS
8. Campus de especialización
9. Fondos Next Generation
10. Plan estratéxico 2022-26
11. Programas de aforro e eficiencia enerxética
12. Cidade das TIC
13. Conclusións

1. PLAN DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO 2022-2026 (PFSUG 2022-2026)

O Plan de financiamento do sistema universitario galego (PFSUG) establece os principios sobre os que debe desenvolver a súa actividade, a estrutura dos fondos, o modelo de cálculo do financiamento, as bases para a execución do orzamento e o seguimento da súa evolución e do seu contido. Trátase dun instrumento de programación plurianual no que se fixan os principais obxectivos que cómpre acadar para a mellora da calidade e a eficiencia do ensino universitario en Galicia. Existen novidades importantes con respecto ao anterior plan tanto nos fondos que compoñen cada un dos grandes fondos (estrutural e de resultados) como na clasificación e natureza dos diferentes fondos. A continuación, faise unha síntese dos principais contidos.

PFSUG: Principais características

a) Obxecto e vixencia

O obxecto do PFSUG é establecer un marco de financiamento para todo o sistema universitario galego. A súa vixencia vai dende o 1 de xaneiro do 2022 até o 31 de decembro de 2026, ambos os anos incluídos.

b) Estrutura e evolución

Distínguese un financiamento estrutural, o cal establece unha nova estrutura e composición, e un financiamento por resultados, no que tamén hai variacións na composición con respecto ao plan anterior. Isto explícase con maior detalle no apartado terceiro.

c) Principios

Os principios en que se basea o PFSUG son a eficiencia, a suficiencia, a equidade institucional, o equilibrio orzamentario e a transparencia. Destaca, sobre todo, a eficiencia que é o que estimula ás universidades a melloraren o seu rendemento académico ou docente, de investigación e de transferencia. Porén, quedou demostrado que era necesario mellorar a suficiencia, o cal permite dotar o sistema dun maior financiamento estrutural. Como se poderá ver ao longo dos diferentes apartados, existe unha mellora do financiamento estrutural que está suxeito ao cumprimento de obxectivos de estabilidade financeira e de mellora da eficiencia. O fondo estrutural mudou e establecéronse tres subfondos diferentes que son explicados en maior detalle no apartado terceiro.

d) Seguimento do Plan

Finalmente, e co fin de garantir o bo funcionamento e rigor na repartición dos fondos vinculados ao plan de financiamento, establecerase unha comisión de seguimento. Esta comisión de seguimento estivo moi activa durante todo o ano 2021, coa celebración dunha reunión mensual das tres universidades, na que participaron membros das Consellaría de Facenda e Educación, vicerreitores de Economía, as xerencias e as presidencias dos consellos sociais. Na derradeira fase de negociación, entre os meses de setembro e outubro, debateuse sobre a nova composición, dotación e criterios de repartición do fondo estrutural e de resultados.


2. CONTEXTO ORZAMENTARIO

2.1 Evolución orzamentaria

Como se pode apreciar na figura 1, o contexto orzamentario do SUG para o cal se desenvolve a actividade docente e investigadora da Universidade da Coruña sufriu unha deterioración moi notable dende o ano 2009. Estas limitacións orzamentarias afectaron a todos os ámbitos de desenvolvemento e funcionamento diario, así como a todos os colectivos implicados como o PDI, PAS e estudantes. Aínda que nos derradeiros anos se observa unha lixeira repunta no financiamento global, o financiamento estrutural estivo a crecer unicamente motivado polo incremento retributivo, o cal é inferior ao incremento dos custos de persoal. É dicir, o ingreso estrutural foi significativamente inferior ao gasto estrutural. Co orzamento do ano 2021 achegámonos en termos nominais, mais non reais, aos orzamentos previos á crise.

Esta universidade está a impulsar tanto a cooperación entre as institucións públicas galegas como a cooperación público-privada liderando proxectos estratéxicos e pioneiros para a nosa comunidade autónoma.

Figura 1. Evolución dos orzamentos no período 2002-2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos internos (2002-2021); datos en millóns de euros

No apartado seguinte vanse analizar polo miúdo os diferentes apartados do financiamento universitario.

2.2 Previsión de calendario para aprobar os orzamentos de 2022

O calendario para someter a aprobación dos orzamentos para o ano 2022 sería a presentación no Claustro no mes de decembro e, posteriormente, presentárase o anteproxecto de orzamento da Universidade da Coruña para o ano 2022 no Consello de Goberno e, finalmente, no Consello Social. O calendario quedaría establecido do seguinte xeito:

1. Presentación das liñas xerais orzamentarias correspondente ao período 2022-23 no Claustro: 10 de decembro.
2. Presentación do Anteproxecto do orzamento do ano 2022 na Comisión de Asuntos Económicos do ano 2022: 13 de decembro.
3. Presentación do Anteproxecto do orzamento do ano 2022 na Comisión de Asuntos Económicos e Patrimoniais do Consello Social: 13 de decembro.
4. Presentación do Anteproxecto de orzamento do ano 2022 no Consello de Goberno: 16 de decembro.
5. Presentación do Proxecto de orzamento do ano 2022 no Pleno do Consello Social: 16 de decembro.

3. PRINCIPAIS FONTES DE FINANCIAMENTO DO PFSUG PARA 2022

A principal fonte de financiamento do sistema universitario galego provén da Xunta de Galicia, motivo polo que se procede a explicar polo miúdo a súa evolución e as novidades con respecto ao anterior Plan de financiamento.

3.1 Fondo estrutural no ano 2022

3.1.1 Composición e senda de evolución. Se establecen tres grandes subfondos.

a) Custo estándar

Para o cálculo do custo estándar o que fixo a Consellería de Facenda foi recalcular de novo este subfondo para todo o Sistema Universitario Galego (SUG) –que xa se calculara no ano 2015– cos parámetros que agora se indicarán. O obxecto foi calcular o que se se denominan as necesidades estruturais, nomeadamente docentes e funcionais, isto é, o volume de PDI e PAS necesarios para impartir un determinado volume de créditos matriculados para todo o SUG.

Para iso, fixéronse estes parámetros:

- a) Número de créditos do último ano académico matriculado e auditado.
- b) Unicamente os vencellados a docencia presencial.
- c) Tamaño mínimo para grao e máster é de 5 e 2 alumnos respectivamente.
- d) O crédito matriculado é de 8 horas de docencia.
- e) Faise unha nova ponderación do persoal docente apostando pola estabilidade (catedrático de 12,5% a 15%; titular de universidade de 37,5% a 40%, contratado doutor de 12,5% a 15%; axudante doutor de 12,5% a 10%; e asociado de 25% a 20%).

Para o PAS propuxéronse estes parámetros:

- a) Repartición en función do número de efectivos de PDI que rende o modelo anterior.
- b) Dentro da contía anterior computaríase un número mínimo fixo de 100 efectivos por universidade.
- c) Retribución en función do custo dun cadro de persoal tipo e custos por categoría do persoal de administración autonómica (medida ponderada de 37.810€).

O cálculo determinou un total de 739.551 horas para o SUG para o cal é necesario 4.108 PDI e 2.052 PAS. O total do fondo ascende a 252,3 millóns de euros. Hai unha diminución con respecto ao custo estándar do ano 2021 consecuencia dun menor número de créditos matriculados e auditados no SUG.

O criterio de repartición deste subfondo é en función do peso ou ponderación dos créditos matriculados de cada universidade. A senda de evolución será en función da evolución da masa salarial. É dicir, incrementarase en función do incremento retributivo aprobado polo Estado. A previsión para o ano 2022 é que se produza un incremento do 2%. Debido a que no momento de redactar este documento non están aprobados os orzamentos do Estado, o incremento do gasto de persoal procedente deste incremento retributivo 1 non figura nos créditos iniciais do orzamento de gastos do capítulo 1.

Este novo procedemento de cálculo supón unha variación importante con respecto ao anterior plan. Hai catro anos aprobouse un novo método de calculo do custo estándar que é o principal fondo de financiamento do sistema universitario galego. Este novo método de cálculo tiña en conta a evolución dos créditos efectivamente matriculados e previamente auditados nos tres últimos cursos académicos xa pechados de modo que a referencia para o ano 2021 foi o ano 2019. Polo tanto, procederíase a avaliar a media dos tres cursos académicos anteriores xa pechados (2016-17; 2017-18 e 2018-19). Eses créditos multiplicábanse por un módulo económico, de 98,75€/crédito para o ano 2021 e de 99,83€/crédito para a USC e UVIGO. A contía de repartición que se fixou como punto de referencia ou orixe foi de 275,14 M€. O importe que non chegase a ese máximo ía directamente ao subfondo do panel de indicadores e que alcanzou un valor de 14,79 millóns de euros. En consecuencia, a contía final de repartición do custo estándar foi de 260,35 millóns de euros. Este mecanismo de repartición prexudicaba á Universidade da Coruña.

No entanto, como se acaba de mencionar, este procedemento xa non vai funcionar deste xeito. Procederase, como xa se mencionou, a repartir todo o montante do custo estándar de acordo coa ponderación dos créditos matriculados de cada universidade. Na táboa 1 pode verse a repartición e o valor do fondo estrutural, o cal está calculado sen ter en conta o incremento retributivo. Non foi posible obter a información relativa ao volume de créditos matriculados e auditados, de aí que non figure esa información na táboa. Por esta razón, faise unha estimación do cálculo desa contía en función da evolución dos créditos matriculados de anos anteriores (táboa 2). É importante salientar que o cálculo é sobre o volume de créditos matriculados, mais non polo valor do fondo estrutural –neste caso a porcentaxe sería inferior–.

Táboa 1. Estimación do custo estándar do ano 2022

	Peso relativo dos créditos matriculados	Fondo estrutural 2022
UDC	28,0%	70.644.236,63
TOTAL	100%	252.300.845,10

Fonte: Estimación a partir da evolución de anos anteriores (táboa 2). Non se dispón dos datos de 2022 das outras universidades

Táboa 2. Evolución da media dos créditos matriculados e auditados para as diferentes universidades do SUG

	Media de créditos matriculados (2015-16; 16-17; 17-18)	Peso relativo	Media de créditos matriculados (2016-17; 17-18; 18-19)	Peso relativo
UDC	737.628	27,730%	732.600	28,006%
UVI	841.197	31,630%	827.304	31,626%
USC	1.080.777	40,640%	1.055.959	40,368%
	2.659.602	100%	2.615.863	100%

Fonte: Elaboración a partir de datos facilitados pola Consellería de Facenda

B) Fondo para gasto corrente e mantemento de infraestruturas

A segunda modificación é a inclusión dos denominados gastos correntes e mantemento das infraestruturas (instalacións, infraestruturas e maquinaria), que inclúen os gastos correntes que se precisan para manter o funcionamento da estrutura das universidades. Este fondo supón unha importante contía que ascende a 28,387 millóns.

A repartición queda establecida en 20 millóns para gasto corrente, que varían en función do número das necesidades docentes e funcionais, isto é, persoal (PDI, PAS, persoal investigador), superficie e alumnos. Os 8 millóns restantes asígnanse para gasto de capital, que inclúe maquinaria, mantemento e reparacións ou pequenos investimentos con base no mesmo criterio xa comentado. A evolución deste fondo dependerá do deflactor do PIB, o cal se estima nun 2%. Polo tanto, estímase unha taxa de crecemento para este fondo dun 2%.

Táboa 3. Cálculo do fondo para gasto corrente e mantemento de infraestruturas para o ano 2022

Universidade	Peso relativo para cada universidade	Fondo para gastos correntes (en euros)	Fondo para mantemento de infraestrutura (en euros)	Total (en euros)
UDC	26,50%	5.391.430,57	2.131.183,00	7.522.613,57
UVIGO	30,50%	6.205.231,41	2.452.871,00	8.658.102,41
USC	43,00%	8.748.359,03	3.458.146,00	12.206.505,03
	100%	20.345.021,01	8.042.200,00	28.387.221,01

Fonte: Estimación a partir da información facilitada pola Consellería de Facenda

C) Fondo de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica

A terceira modificación é a inclusión dun fondo de eficiencia de 14 millóns que evoluciona en función do deflactor do PIB (14,286 millóns coa porcentaxe de evolución), o cal se vai repartir dun xeito equitativo para as tres universidades. Para conseguir eses fondos as universidades deberán cumprir diferentes variables ou parámetros. Ao se consideraren sete criterios estímase que cada universidade conseguiría aproximadamente 1/7 de 4,77 millóns de euros polo cumprimento de cada variable, criterio ou parámetro. Se unha universidade non cumprise un determinado criterio, non se podería conseguir esa contía. Se ben podería haber algún criterio máis, actualmente os criterios que se establecen son os seguintes:

- Cumprimento do obxectivo de masa salarial fixado pola Lei de orzamentos de cada ano.
- Cumprimento dos obxectivos de resultado financeiro marcados pola lei de estabilidade orzamentaria.
- Aprobación das contas anuais en tempo e forma.
- Implantación e publicación dun sistema de contabilidade analítica.
- Integración no sistema informático e financeiro da comunidade autónoma.
- Medidas de optimización e creación de titulacións compartidas de grao e/ou con baixa demanda en centros propios para os cursos 2022-23 e 2023-24 ou excesivamente replicadas nos diferentes campus.
- Convenios de financiamento da investigación universitaria 2022-26.

Táboa 4. Repartición do fondo de eficiencia, estabilidade financeira e mellora estratéxica para o ano 2022

Universidade	Peso relativo para cada universidade	Fondo de eficiencia 2022 (en millóns de euros)
UDC	33,34%	4.771.759,14
UVIGO	33,33%	4.757.472,43
USC	33,33%	4.757.472,43
	100%	14.286.704,00

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Consellería de Facenda

* Para repartir os 100 puntos porcentuais, a centésima axustase a unha das universidades

3.1.2 Resto de subfondos do fondo estrutural e do fondo estrutural total (2021-22)

Como se pode comprobar na táboa 5, existe unha mellora no financiamento estrutural no ano 2022 con respecto ao ano 2021 de 10,300 millóns de euros como consecuencia fundamentalmente do incremento dos fondos de gasto corrente e mantemento de infraestruturas e mais do fondo denominado como Fondo de eficiencia, estabilidade financeira e mellora estratéxica. Ao igual que na táboa anterior, no caso do custo estándar están recollidos os valores sen considerar o incremento retributivo. No caso do SERGAS e do INEF hai variacións positivas en cada un dos casos, se ben son reducidas polo que o seu impacto na variación do fondo estrutural é significativamente menor.

Táboa 5. Evolución das diferentes compoñentes do financiamento estrutural no período 2021-2022 (datos en millóns de euros)

FONDO	SUFONDO	2021	2022	Diferencia 2022-21
FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL	Custo estándar	71,700	70,644	-1,056
	Fondo de gasto corrente e mantemento de infraestruturas	1,015	7,523	+6,508
	INEF Galicia	3,017	3,074	+0,057
	SERGAS prazas vinculadas	0,950	0,970	+0,020
	Fondo de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica		4,771	+4,771
SUBTOTAL		76,682	86,982	+10,300

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda;

Para facer posible a homoxeneidade da comparativa establécese o custo estándar sen incrementos retributivos.

3.2. Análise do Fondo de resultados do período 2021-2022

3.2.1 Variación do fondo de resultados para o SUG

A) Subfondos “Complementos retributivos e compensación de matrícula” e “Investigación e transferencia”

Como se pode ver na táboa 6, no caso do fondo de complementos retributivos, existe unha variación na denominación e formulación do fondo de tal xeito que no novo plan de financiamento aparecen dous subfondos se ben se refiren ao mesmo que no anterior plan. O primeiro denomínase do mesmo xeito que o anterior ou “*Complementos retributivos e compensación de matrícula*” cunha dotación para todo o SUG de 18.716.038,00, mentres que o outro subfondo pasa a denominarse “*Fondo de investigación e de transferencia*”, cunha dotación para o SUG de 12.051.310,00€, que pasa a integrarse no denominado Fondo de I+D+i. Ambos os subfondos proceden do capítulo 4.

B) Consellos sociais

Tratase dun fondo que concede a Consellería de Educación aos consellos sociais, os cales actúan de axentes dinamizadores da actividade desenvolvida polas universidades. A contía é de 600.000 € para todo o sistema universitario galego, que se reparte de maneira alícuota para as tres universidades polo que corresponde 200.000 € a cada unha. Hai unha lixeira diminución con respecto ao ano anterior.

C) Panel de indicadores

Tratase do subfondo destinado a valorar a actividade docente ou académica, de investigación, transferencia e da internacionalización. A estas dimensións vaise engadir a estabilidade financeira e a responsabilidade social ou sustentabilidade. Hai unha gran variación con respecto ao plan anterior, xa que pasan de 12 a 41 indicadores.

No que se refire ao panel de indicadores existe unha diminución na ponderación dos indicadores con respecto ao ano 2021 de 0,54%. Con respecto ao ano 2021 existe unha perda en termos absolutos de 3,11 millóns de euros ao pasar de 17,54 millóns de euros no ano 2021 a 14,43 (suma das filas do panel de indicadores na táboa 5) no ano 2022. Esta diminución vén ocasionada pola menor dotación económica deste subfondo, o cal vén influído pola ausencia de transvasamento de financiamento estrutural (subfondo custo estándar) ao subfondo de panel de indicadores. É dicir, esta diminución vén motivada pola nova regra de funcionamento do novo plano de financiamento no que non se transvasa financiamento estrutural a resultados.

Como se pode ver na táboa 5, existe unha desagregación das cifras para o ano 2022 en dúas partidas, a de complementos retributivos e compensación de matrícula e a de fondo de investigación e transferencia (ambas do capítulo 4) que se correspondería coa de complementos retributivos e compensación de matrícula do anterior plan e a de panel de indicadores (capítulos 4 e 7, respectivamente) que se corresponde coa de panel de indicadores do ano anterior. Nesta última non varía a denominación pero si hai unha gran variación na composición dos indicadores dese panel. Isto pode verse no seguinte apartado.

Táboa 6. Subfondos do financiamento por resultados para 2022

FONDO	SUBFONDO	UDC (2021)	SUG (2022)	UDC (2022)
FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	Complementos retributivos e compensación por matrículas (Capítulo 4)	7.619.794,08 €	18.716.038,00€	4.679.009,50€
	Fondo de Investigación e de transferencia (Capítulo 4)		12.051.310,00€	3.012.827,50€
	Outros custos asociados ao ensino universitario (Capítulo 4)	207.880,00€	600.000,00€	200.000,00€
	Panel de indicadores (Capítulo 4)	17.546.214,53€	29.724.068,00€	7.065.410,96€
	Panel de indicadores (Capítulo 7)		31.009.613,00€	7.370.985,01€
	Subtotal	25.373.888,61 €	92.101.029,00 €	22.328.232,97 €
	Fomento da I+D+i (Capítulo 4)	-	40.703.294,00€	-
	Fomento da I+D+i e da transferencia (Capítulo 7)	-	21.839.480,00€	-
	Subtotal I+D+i	-	62.542.774,00 €	-

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda. As variacións son en termos absolutos.

Non se inclúe a repartición do subfondo de I+D+i, xa que ao haber moitos programas diferentes con diferentes criterios de repartición (convenios, recursos humanos, infraestruturas científico-tecnolóxicas, agrupacións e centros de investigación etc.) non é posible saber o importe para cada universidade.

A continuación, faise a desagregación desa contía expresada como a suma de 41 indicadores que miden o rendemento financeiro, investigador, transferencia, docente ou académico, internacionalización e, finalmente, sustentabilidade e responsabilidade social (táboa 7). Debido a que cambia notablemente, tanto no que se refire ás dimensións asociadas como aos indicadores que forman parte de cada dimensión, non é posible facer unha análise pormenorizada da evolución dos diferentes indicadores con

respecto ao ano 2021. Existen dous indicadores do rendemento docente que non están na táboa que son os másteres de excelencia e os centros docentes innovadores que non comezan ata o ano próximo.

Táboa 7. Relación de indicadores do panel de indicadores para o ano 2022

Módulo: Agrupación de indicadores	Código	Denominación	Ponderación	Subtotal por dimensión
Módulo 1 Financiamento global	PAFI1	Recursos públicos captados	3%	10%
	PAFI2	Recursos privados captados	2%	
	PAFI3	Ingresos propios das Universidades	2%	
	PAFI4	Independencia financeira	1%	
	PAFI5	Endebedamento	1%	
	PAFI6	Grao de execución orzamentaria do gasto	1%	
Módulo 2 Internacionalización	PAIN1	Posicións destacadas clasificación QS	1%	5%
	PAIN2	Posicións destacadas clasificación ARWU	0,33%	
	PAIN3	Posicións destacadas clasificación THE	0,33%	
	PAIN4	Universidades europeas	0,34%	
	PAIN5	Publicacións en colaboración internacional	0,50%	
	PAIN6	Profesorado estranxeiro	0,50%	
	PAIN7	Titulacións en inglés	0,50%	
	PAIN8	Titulacións conxuntas con universidades estranxeiras	0,50%	
	PAIN9	Estudantado estranxeiro egresado	0,50%	
	PAIN10	Estudantado estranxeiro total matriculado en grao e mestrado	0,50%	
Módulo 3 Relacións Universidade-Empresa	PAUE1	Spin-offs	3%	15%
	PAUE2	Contratos I+D e consultorías	5%	
	PAUE3	Prestación de servizos	5%	
	PAUE4	Ingresos xerados en I+D	1%	
	PAUE5	Co-publicación con empresas	1%	

Táboa 7. Relación dos indicadores para o ano 2022 (continuación)

Módulo: Agrupación de indicadores	Código	Denominación	Ponderación	Subtotal por dimensión
Módulo 4 Docencia Innovadora	PADI1	Taxa de idoneidade	3%	15%
	PADI2	Taxa de graduación	3%	
	PADI3	Taxa de cambio	3%	
	PADI4	Taxa de abandono	3%	
	PADI5	Graos interuniversitarios	3%	
Módulo 5 Investigación avanzada	PAIA1	Número de grupos de investigación con axudas vixentes	10%	50%
	PAIA2	Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais	5%	
	PAIA3	Teses defendidas	2%	
	PAIA4	Publicacións científicas no primeiro cuartil	6%	
	PAIA5	Profesorado que leu a tese no SUG	3%	
	PAIA6	Producción científica	10%	
	PAIA7	ERC no SUG	8%	
	PAIA8	Patentes nacionais	4%	
	PAIA9	Exensións PCT	2%	
Módulo 6 Sustentabilidade e Responsabilidade Social	PAUE1	Ranking UI- GreenMetrics	1%	5%
	PAUE2	Transparencia	0,50%	
	PAUE3	Ranking web Universidades	0,50%	
	PAUE4	Mulleres no PDI	1%	
	PAUE5	Estudantes egresados	1%	
	PAUE6	Taxa de transición de estudantes de grao a máster	1%	

Fonte:Elaboración propia a partir de datos facilitados por IUNE, SIIU e a Secretaría Xeral de Universidades.

4. SÍNTESE DAS PRINCIPAIS FONTES DE FINANCIAMENTO DO PFSUG PARA O ANO 2022.

Para facilitar a síntese do financiamento considéranse todos os fondos. No custo estándar hai unha redución de 1,1 millóns de euros motivada por unha caída dos créditos matriculados e auditados. Esta caída é xeneralizada para as tres universidades. O resto de partidas orzamentarias do fondo estrutural experimentan variacións significativas e moi positivas, o que supón un incremento de 10,300 millóns de euros. A cifra correspondente á partida dos complementos retributivos e compensación por matrícula case non experimenta variación. Hai unha diminución no subfondo do financiamento por resultados (panel de indicadores) de 3,1 millóns que está causada pola nova regra de cálculo na que establece que non hai transvasamento do panel do financiamento estrutural ao financiamento por resultados.

Táboa 8. Síntese de financiamento no período 2021-2022

Fondo	Denominación do Subfondo no PFSUG 2016-2021	Importe 2021	Denominación do Subfondo no PFSUG 2022-2026	Importe 2022
Financiamento estrutural	Custo estándar	71.699.562,00 €	Custo estándar	70.644.236,63 €
	Fondo RAM	1.018.337,65 €	Fondo de gasto corrente e mantemento de infraestrutura	7.522.613,57 €
	-	-	Fondo de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica	4.771.759,14 €
	INEF Galicia	3.017.099,00 €	INEF Galicia	3.074.521,00 €
	SERGAS prazas vinculadas	946.628,00 €	SERGAS prazas vinculadas	965.560,56 €
Financiamento por resultados	Complementos retributivos e compensación por matriculas	7.619.794,08 €	Complementos retributivos e compensación por matriculas e fondo de investigación e transferencia	7.691.837,00 €
	Outros custos asociados ao ensino universitario	207.880,00 €	Outros custos asociados ao ensino universitario	200.000,00 €
	Panel de indicadores	17.546.214,53 €	Panel de indicadores	14.436.395,97 €
	Subtotal	102.055.515,26 €		109.306.923,87 €

5. PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS

5.1 Previsión dos capítulos de ingresos para o ano 2022

A continuación, preséntase a previsión das diferentes partidas de ingresos e gastos para o ano 2022.

a) Taxas e prezos públicos (Capítulo III)

A principal partida é a matriculación de estudantes. Como se pode ver na táboa 9, no curso académico 2021/22 a matriculación do alumnado correspondente ás diferentes categorías de grao, mestrado, doutoramento e Erasmus ou intercambio alcanza unha cifra de 17.295 alumnos/as, lixeiramente inferior ao curso académico anterior. Por unha banda, neste ano conseguiuase unha taxa de cobertura de ingreso superior aos anteriores. Pola outra, esta cifra non recolle os datos de alumnos Erasmus do segundo cuadrimestre polo que é de esperar que a cifra total se incremente de modo que estaríamos nun escenario de recuperación e maior captación de alumnado de primeira matrícula ante unha contorna de escaso ou nulo crecemento demográfico o que representa un dato moi salientable. Isto quere dicir que a nova oferta académica está tendo a ter unha taxa de aceptación moi alta e adicionalmente os graos e mestrados xa en marcha están a ter un bo rendemento.

Adicionalmente, habería que engadir os estudos propios de posgrao, títulos propios e da Universidade Sénior. Dentro do marco actual de tendencia negativa no Sistema Universitario Español, trátase dun resultado aceptable posto que no caso de primeiro ingreso hai unha lixeira subida respecto aos cursos académicos anteriores. Estes datos revelan, como xa se acaba de indicar, que os novos graos e mestrados están a ter unha moi boa aceptación e a oferta formativa en xeral ten unha boa acollida. Por outra banda, ao igual que ocorre no resto de universidades do SUG, hai unha perda de estudantes especialmente na categoría de Erasmus que se espera que poida ir recuperando a medida que vaia mellorando a contorna e no grao de mobilidade. A estratexia que se está a implantar é a de continuar impulsando os novos títulos académicos e continuar coa tendencia dunha maior internacionalización a través de diferentes programas (p. ex. Erasmus+) tanto en Iberoamérica como en Europa.

Táboa 9. Evolución da matrícula das diferentes categorías de oferta académica

Categoría	Curso 2014/15	Curso 2015/16	Curso 2016/17	Curso 2017/18	Curso 2018/19	Curso 2019/20	Curso 2020/21	Curso 2021/22*
LRU	2.866	1.537	614	308	-	-	-	-
GRAO	14.171	14.646	14.121	13.960	13.794	13.645	13.990	13.598
MESTRADO	1.400	1.629	1.775	1.837	1.914	2.063	2.252	2.256
DOUTORAMENTO	1.473	1.138	1.210	1.143	1.179	1.299	1.297	1.162
ERASMUS	552	600	632	689	576	718	265	279
SUBTOTAL	20.962	19.550	18.352	17.937	17.463	17.725	17.804	17.295
ESTUDOS POSGRAO	657	413	418	375	151	262	280	89
SÉNIOR	663	806	879	954	940	986	392	740
TÍTULOS PROPIOS	33	31	33	26	25	3	-	-
TOTAL	21.815	20.800	19.682	19.292	18.579	18.976	18.476	18.124

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Xescampus; * Pendente de finalizar Posgrao e títulos propios e Erasmus do segundo cuadrimestre

Outro dos conceptos son os ingresos por investigación como facturación de servizos de investigación, custos indirectos ou alugueres estímase que se espera que continúen coa mesma tendencia dos anos anteriores. En total, hai un valor final no capítulo III por valor de 17,013 millóns de euros, contía que é similar ao ano anterior (17,008), cun peso relativo do 11,50% (véxase a táboa 10).

Táboa 10. Previsión dos diferentes capítulos de ingresos para 2022 e evolución no período 2021-2022

Capítulo de ingresos	2021	2022	Peso 2022	Variación 22/21
Capítulo III - Taxas, prezos públicos	17,01	17,01	11,50%	0,03%
Capítulo IV - Transferencias correntes	96,71	103,35	69,87%	6,87%
Capítulo V - Ingresos patrimoniais	0,34	0,33	0,22%	-2,94%
Capítulo VII - Transferencias de capital	22,24	26,71	18,06%	20,10%
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,69	0,52	0,35%	-25,02%
	136,99	147,93	100%	7,98%

Fonte: Elaboración propia; datos en millóns de €; os pesos e as variacións están calculadas sobre os datos con millares e centenas polo que a suma dos valores porcentuais pode variar nunha centésima.

b) Transferencias correntes (Capítulo IV)

A principal fonte de financiamento da UDC son as transferencias correntes. Para o conxunto do Capítulo IV hai un incremento con respecto ao ano 2021 ao pasar de 96,71 a 103,35 millóns de euros o que supón un incremento dun 6,87% (véxase a táboa 10). Trátase da partida de ingresos que experimenta un maior incremento, como consecuencia dos novos subfondos do fondo estrutural xa comentados no apartado terceiro como son o “*Subfondo para gasto corrente*” (que alcanza unha contía de 5,39 millóns de euros) e o denominado subfondo de “*Estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*” (cunha contía de 4,77 millóns de euros). O outro subfondo que está destinado a mantemento de infraestruturas está encadrado no capítulo 7 de ingresos ou transferencias de capital de aí que non se inclúa neste capítulo de gasto.

Dentro das transferencias correntes tamén están incluído o subfondo denominado “*Complementos retributivos, compensación por matrículas e sexenios de investigación e de transferencia*”. Tamén está incluído nesta contía a principal partida orzamentaria de ingresos que se corresponde co denominado subfondo “Custo estándar” que alcanza unha contía de 70,64 millóns de euros, contía que non contén o incremento retributivo. Hai que engadir, ademais, as transferencias derivadas do INEF (3,074 millóns de euros) e as prazas vinculadas ao SERGAS (0,97 millóns de euros). As transferencias correntes representan un 69,87% do orzamento, o cal é unha porcentaxe moi positiva e significativa.

c) Ingresos patrimoniais (Capítulo V)

Son os ingresos dos xuros bancarios e das concesións administrativas. Representan unha porcentaxe moi reducida e non significativa polo que ten moi pouca repercusión na estimación do equilibrio orzamentario. Son os ingresos polos canons, tarifas ou alugueres que cobra a UDC polo uso de espazos. Unha parte importante desta contía non se puido materializar no ano 2020 por mor da covid-19. No ano 2021, a pesar de que houbo melloría, aínda houbo moitas restricións de mobilidade polo que tampouco se puido conseguir a contía prevista. Para o ano 2022 trátase de recuperar esta actividade desenvolvida con anterioridade ao ano 2020. Experimenta unha lixeira diminución (-2,94%). A estimación en termos absolutos é de 0,330 millóns de euros e un peso relativo de 0,22%, polo que no conxunto do orzamento non é significativa.

d) Transferencias de capital (Capítulo VII)

As transferencias por capital experimentan un incremento moi positivo (20,10%) ao pasaren de 22,24 millóns de euros no ano 2021 a 26,71 millóns de euros no ano 2022 e representan un 18,06% do crédito inicial. Neste caso hai unha lixeira diminución do que corresponde ao fondo do panel de indicadores

motivado pola diminución deste fondo. Ao non haber transvasamento do fondo estrutural ao fondo de resultados, o panel de indicadores permanece coa contía que xa ten previsto a comezo do ano. Os fondos procedentes do financiamento de resultados para o SUG, xa comentados no apartado terceiro, alcanzan un valor de 60,72 millóns para o “*Panel de indicadores*” e de 62,54 millóns de euros para o “*Fomento da I+D+i*”. A procedencia destes fondos é tanto de capítulo 4 como de capítulo 7.

No que se refire ao capítulo 7 sería o “*Panel de indicadores*” cun total para o SUG de 31.009.613 e do “*Fomento da I+D+i e da transferencia*”, cunha contía de 21.839.480 euros. A estimación é de 7,37 millóns de euros para o subfondo do panel de indicadores (capítulo 7). Esta contía vaise ver incrementada polos convenios de colaboración de fomento da I+D+i, do resultado do proceso de acreditación dos centros de investigación e da evolución da captación dos fondos Next Generation.

Dentro destes fondos hai un programa xa concedido como é o programa de recualificación de recursos humanos no que xa se xerou a anualidade de 1,695 millóns, razón pola que non pode ir nos créditos iniciais de 2022. Ademais, existen dous proxectos, dos cales un deles se está a avaliar polo Ministerio de Universidades, denominado Unidigital, cunha contía total para 2021 e 2022 de 1,163 millóns de euros (repartidos en dúas anualidades de 0,524 millóns no 2022 no 0,639 millóns no 2023) e outro de equipamento científico-tecnolóxico singular, para o que existe unha resolución de concesión provisional de 2,76 millóns de euros razón pola que non figura nos créditos iniciais do orzamento para 2022. Existe unha explicación detallada e pormenorizada dos programas asociados aos “Fondos Next Generation EU” no apartado 9 deste documento.

Tamén van recollidos neste apartado 1,5 millóns de euros para proxectos de eficiencia enerxética que se debe materializar ao longo do ano 2022. Ademais, están incluídos neste capítulo os proxectos de investigación (autonómicos e nacionais). Ao igual que en anos anteriores, non se inclúen neste apartado os proxectos europeos debido á dificultade para estimar en moitos casos as anualidades, así como a existencia de proxectos europeos en fase de lanzamento ou pendentes para a sinatura do *grant agreement*.


e) Activos financeiros (Capítulo VIII)

O remanente estivo a experimentar unha perda motivada polo contexto orzamentario de restrición financeira en anos anteriores, o que derivou nunha redución moi importante do seu volume. Neste ano, a cantidade que corresponde é de 0,52 millóns de euros, o que representa un 0,35% e supón unha redución con respecto ao ano anterior (-25,02%).

Un resumo pódese observar na figura 2 que reflicte o incremento tanto das transferencias correntes (6,87% de incremento con respecto ao ano anterior que alcanza unha contía de 103,35 millóns de euros, o que representa case o 70% do orzamento) como das transferencias de capital (20,10% de incremento

con respecto ao ano anterior, e unha contía de 26,71 millóns cunha ponderación do 18,06%). O incremento de ingresos totais é do 7,98%.

Figura 2. Principais partidas de ingresos de 2022 e evolución dos diferentes capítulos de ingresos no período 2020-22



Fonte: Elaboración propia

Nota: Na gráfica non figura o valor dos ingresos patrimoniais (0,330 M€). O total ascende a 147,93 M€.

5.2 Previsión dos capítulos de gasto para 2022

a) Gastos de persoal (Capítulo I)

Como se pode ver na táboa 11, os gastos de persoal (103,84 millóns de euros) representan a porción mais importante do total dos gastos, aproximadamente un 70,20%. Os gastos de persoal incrementáanse en 1,71 millóns de euros (un 1,68%), se ben non está incluído o incremento retributivo. De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, Facenda autoriza para o ano 2022 os custos de persoal da Universidade da Coruña nun teito de gasto total de 105.337.249 €. Esta contía si que inclúe a previsión do incremento retributivo para o ano 2022. A Consellería de Facenda non considera ningún incremento para os gastos de acción social.

**Táboa 11. Previsión de gastos para o ano 2022
e evolución dos diferentes capítulos de gasto no período 2021-22**

Capítulo de gastos	2021	2022	Peso	Variación 22/21
Capítulo I - Gastos de persoal	102,13	103,84	70,20%	1,68%
Capítulo II - Gastos correntes	16,12	18,66	12,62%	15,79%
Capítulo III- Gastos financeiros	0,03	0,03	0,02%	0,00%
Capítulo IV- Transferencias correntes	4,75	4,67	3,16%	-1,72%
Capítulo V-Fondo de continxencia	0,35	0,50	0,34%	42,86%
Capítulo VI - Investimentos reais	13,15	20,00	13,52%	52,09%
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,00	0,00	0,00%	
Capítulo IX - Pasivos financeiros	0,47	0,22	0,15%	-52,19%
	136,99	147,93	100,00%	7,98%

Fonte: Elaboración propia; datos en millóns de €; os pesos e as variacións están calculadas sobre os datos con millares e centenas polo que ao facer o arredondamento pode variar a suma nunha centésima.

Ao representar unha porcentaxe tan importante do orzamento e ao consolidar os incrementos retributivos, o financiador fai un control moi estrito tanto do límite de masa salarial anual como da súa evolución, que está condicionada pola evolución dos créditos efectivamente matriculados. Deste xeito, como xa se explicou no apartado do fondo estrutural, subfondo denominado “*Fondo de eficiencia, estabilidade financeira e mellora estratéxica*”, a evolución do gasto de persoal e, en consecuencia, do cumprimento do teito de gasto, vai ser un dos criterios sobre os que se vai avaliar este fondo. Por iso, faise necesario realizar un seguimento e control mensual da evolución da masa salarial.

b) Gastos correntes (Capítulo II)

Os gastos correntes de cara ao ano 2022 experimentan un incremento do 15,79%, de modo que pasarán de 16,12 a 18,66 millóns de euros. É o maior incremento dos gastos correntes nos derradeiros anos. Como consecuencia da situación económica actual, caracterizada por un crecemento dos prezos das materias primas, existe un incremento destes gastos que se debe principalmente ao devandito incremento xeneralizado dos prezos das materias primas o que está repercutindo no incremento dos gastos xerais e de funcionamento caso das subministracións de enerxía eléctrica, limpeza, seguridade, combustibles, canons, mantementos, tributos, seguros etc. A contorna inflacionaria na que estamos inmersos é preocupante posto que, ademais da subida dos custos, diminúe notablemente a capacidade adquisitiva dos axentes económicos. Supón un 12,62% do total do gasto (véxase a táboa 11).

A pesar do control do gasto corrente, o incremento dos custos das materias primas, o crecemento xeneralizado do custo da vida ou novas necesidades derivadas do envellecemento do equipamento ou da vida útil dos edificios son variables que están a condicionar enormemente o mantemento e a redución destes gastos.

c) Transferencias correntes (Capítulo IV)

Estímase un total de 4,67 M€ o que supón unha importancia relativa dun 3,16% e unha diminución do 1,72%. É importante destacar o apoio que quere facer esta universidade cos programas de apoio ao estudantado como bolsas, mobilidade (ex. programa de bonobús), residencias, promoción das actividades culturais ou deportivas etc.

Do mesmo xeito, é importante salientar o esforzo que se fixo no ano 2021 en relación coas convocatorias de programas de apoio ao estudantado como consecuencia da situación derivada da crise económica e por problemas de necesidades económicas. Consideramos fundamental o apoio ao estudantado.

d) Investimentos reais (Capítulo VI)

O capítulo de investimentos experimenta un incremento no exercicio 2022 nun 52,09% no que destaca o crecemento do investimento tanto material como inmaterial. É o incremento máis importante dos derradeiros anos. Estímase en 20 millóns de euros, o que representa un 13,52% do total do orzamento. A I+D+i é unha das principais ferramentas con que contamos para facer fronte aos retos que nos formulou a crise da covid-19. Polo tanto, a I+D+i é un dos principais elementos da visión do plan estratéxico que está en proceso de elaboración. O obxectivo deste investimento é dar resposta aos retos da dixitalización e da transición ecolóxica a través de proxectos ou accións concretas.

En consecuencia, as accións que forman parte dos convenios que comezaron en 2021 e que continúan en 2022 están centrados en proxectos de I+D+i, eficiencia enerxética e na sustentabilidade. Tamén está


incluído o fondo de infraestruturas no que se inclúen proxectos de eficiencia enerxética. Así, destacarían proxectos de eficiencia enerxética como a reforma e ampliación do CITIC, proxectos de infraestruturas singulares de investigación (ex. Ci3 ou Cidade das TIC), infraestruturas de apoio á investigación (ex. reforma de Batallóns) e proxectos ou accións de I+D+i (ex. laboratorios de sensórica ou de talentos inclusivos) ao que hai que engadir a captación dos fondos Next Generation. Polo tanto, alén do gasto que figura nos créditos iniciais, hai investimentos xa en curso ou a piques de lanzarse no próximo ano 2022.

Se se consideran os créditos totais, esta contía de 20 millóns de euros é aínda maior xa que existen os programas “Next Generation EU” como é o de recualificación de recursos humanos, cunha dotación de 1,695 millóns de euros anuais no período 2021-23- para o cal xa se xerou o adianto no ano 2021. Existen dous programas máis. Un é o fondo Unidigital, dirixido a mellorar a transformación dixital, cunha dotación de 0,524 millóns de euros no ano 2022 e 0,639 millóns no ano 2023. O segundo programa refírese ao equipamento científico-tecnolóxico, para o cal se conseguiu 2,76 millóns de euros. Non figura nos créditos iniciais, xa que neste momento aínda está a resolución provisional. A suma dos tres programas ascende a 4,979 millóns de euros na anualidade de 2022. No momento de redactar este documento estase a someter un novo programa centrado na eficiencia enerxética consistente en impulsar as fontes de enerxía renovable. O apartado noveno deste documento inclúe unha explicación mais polo miúdo de cada un dos programas.

e) Resto de partidas: Gastos financeiros (Capítulo III), Fondo de continxencia (Capítulo V) e Variacións en activos e pasivos financeiros (Capítulos VIII e IX).

Estas partidas supoñen unha participación moi reducida no gasto total. No caso de gastos financeiros (0,028 millóns de euros, cun peso relativo do 0,02%) non varía. Na partida das variacións de activos financeiros non hai cambios. No caso do pasivo financeiro hai unha diminución (de 0,47 a 0,22 millóns de euros, cunha ponderación do 0,15% e unha redución do 52,19% con respecto ao ano anterior). Este dato é moi positivo, xa que supón unha redución importante das cotas dos anticipos reintegrables. Incrementábase o fondo de continxencia para poder atender posibles continxencias ou gastos extraordinarios (0,5 millóns de euros, o cal supón un 0,34% e un incremento do 42,86% con respecto ao ano anterior).

Figura 3. Principais partidas de gastos para o ano 2022 e evolución dos principais capítulos no período 2020-22



Fonte: Elaboración propia

Nota: Na gráfica non figuran os valores dos gastos financeiros (0,028 millóns de €) e do fondo de continxencia (0,50 millóns de €). O total ascende a 147,93 millóns de €)

5.3 Previsión dos ingresos e gastos para 2023

O alto nivel de incerteza existente na actualidade dificulta estimar con precisión cal pode ser a evolución das grandes partidas orzamentarias. A estimación dos ingresos e gastos para o ano 2023 faise con base nos seguintes criterios. No que se refire aos ingresos, estímase en base a manter a mesma proporción de créditos matriculados e en intentar cumprir cos obxectivos marcados por Facenda dentro do marco de estabilidade orzamentaria, eficiencia e mellora estratéxica. Igualmente, quérese manter a estrutura de gastos correntes e de incrementar os investimentos reais seguindo co obxectivo do incremento do investimento na I+D+i. O capítulo 1 acadaría os 106,96 millóns de euros e o investimento acadaría os 24 millóns de euros.

No que se refire aos criterios de evolución dos ingresos xa están previstos no PFSUG 2022-26. Así, o incremento do fondo estrutural varía en función do incremento retributivo, a variación dos subfondos estruturais evoluciona en función do deflactor do PIB. No que se refire aos subfondos de resultados o panel de indicadores varía en función da taxa de evolución do PIB e o dobre da taxa de referencia do PIB para o fondo de I+D+i. As transferencias de capital incrementaríanse nun 15,04%, ata acadar os 30,73 millóns de euros. Baseándonos nestes criterios as diferentes contías para os capítulos de ingreso e gasto do próximo ano 2023 pode verse nas seguintes táboas.

Táboa 12. Estimación dos ingresos e gastos en base aos actuais criterios de reparto do Plan de Financiamento 2022-26 para o ano 2023

Capítulos de gastos	2021	2022	2023
Capítulo I - Gastos de persoal	102,13	103,84	106,96
Capítulo II - Gastos correntes	16,12	18,66	18,66
Capítulo III- Gastos financeiros	0,03	0,03	0,03
Capítulo IV- Transferencias correntes	4,75	4,67	4,67
Capítulo V-Fondo de Continxencia	0,35	0,50	0,50
Capítulo VI - Investimentos reais	13,15	20,00	24,00
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
Capítulo IX - Pasivos financeiros	0,47	0,22	0,22
	136,99	147,93	155,04

Capítulos de ingresos	2021	2022	2023
Capítulo III Taxas, prezos públicos	17,01	17,01	17,01
Capítulo IV - Transferencias correntes	96,71	103,35	106,45
Capítulo V Ingresos patrimoniais	0,34	0,33	0,33
Capítulo VII Transferencias de capital	22,24	26,71	30,73
Capítulo VIII Activos financeiros	0,69	0,52	0,52
	136,99	147,93	155,04

* Na suma final das diferentes anualidades, pode haber unha variación dunha centésima por efectos do arredondamento.

6. DEREITOS DE COBRAMENTO DO IVE E TESOURARÍA

6.1 Xestión do IVE

No ano 2019 producíronse novos cambios na inspección do IVE. Por esta razón estase a traballar nesta cuestión. Faise un resumo dos dereitos de cobramento relacionados co IVE por investigación nos anos 2012, 2013, 2014 e a situación dos anos 2018, 2019 e 2020 .

6.1.1 Dereitos de cobramento pendentes de aboamento (período 2012-2014) e síntese do IVE soportado por investigación (anos 2018 e 2019)

Neste momento a UDC ten dereitos de cobramento pendente de materializarse correspondentes ao período comprendido entre 2012 e 2014, así como os correspondentes aos exercicios 2018 e 2019.

IVE 2012

Existe un procedemento en curso relativo ao imposto sobre o valor engadido do exercicio económico de 2012. O importe solicitado ascendeu a 612.493,71€. O importe liquidado ascendeu a 31.014,09 €. Por esta razón, recolléronse datos e fundamentacións para formular a demanda ante a Sala do Contencioso da Audiencia Nacional por unha contía de 581.479,62 €.

IVE 2013 e IVE 2014

As actuacións inspectoras desenvolvidas en concepto do imposto sobre o valor engadido correspondentes aos exercicios 2013 e 2014 (devolucións de IVE solicitadas de 506.694,95 e 786.951,85

euros, respectivamente) finalizaron coa sinatura de actas en desconformidade número A02 72536600 e A02 72557415 contra as que se interpuxo unha reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico Rexional de Galicia. Agora mesmo está pendente de resolución no Tribunal Económico-Administrativo Central. As contías ascenden a 508.027,69 € (ano 2013) e 736.711,28 € (ano 2014), cun total acumulado para estes dous anos de 1.235.788,71€. O 27 de xullo foi comunicada a desestimación do recurso e dispónse dun prazo de dous meses para presentar unha demanda na Audiencia Nacional. O 21/09/2021 presentouse a interposición de recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional fronte a resolución desestimatoria do TEAC recibida o 27 de xullo. Os anos 2015, 2016 e 2017 xa foron liquidados.

IVE 2018

Con data 21 de xuño de 2019 comunicouse pola Delegación en Galicia da Axencia Tributaria acta e informe de desconformidade. Neste documento a contía da liquidación proposta era de 128.226,99 €. No prazo de 15 días establecido, formuláronse alegacións xunto coa documentación e xustificacións correspondentes, coa finalidade de incrementar a contía proposta pola AEAT. Como consecuencia do anterior, recibíuse unha notificación do acordo de liquidación no que figura que a contía para devolver se incrementa a 222.828,29€ que se cobrou o 8 de agosto de 2019. Como a cantidade que solicitou para devolver á UDC era de 624.151,72 €, mediante un escrito do 13 de agosto de 2019 presentouse unha reclamación económico-administrativa dirixida ao Tribunal Económico-Administrativo Central. O 21 de setembro presentouse un recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional fronte á resolución desestimatoria do TEAC recibida o 27 de xullo. A cantidade pendente neste caso ascende a 401.145,91€

IVE 2019 e IVE por servizos comúns 2015, 2016 e 2017

A contía que se soportou de IVE por investigación no ano 2019 é de 1.034.110,51€. A AEAT realizou tres axustes diferentes. Por un lado, non acepta a dedución ao 100% das cotas soportadas en adquisición de bens respecto dos que non se proba a súa afectación á actividade empresarial da investigación aplicada ou a calquera outra actividade empresarial. Respecto a este motivo, fíxose un traballo enorme para achegar evidencia documental sobre a vinculación das liñas de investigación dos grupos de investigación aos que se refiren estas facturas da actividade de investigación desenvolvida cos resultados acadados por tales grupos (patentes, art. 83 etc.). En segundo lugar non se acepta a dedución das cotas soportadas en bens e servizos afectos en común aos dous sectores diferenciados de actividade (docencia ou investigación). Neste caso o que se fixo é achegar documentación de que a actividade desenvolvida nos centros docentes tamén implica o desenvolvemento da actividade investigadora. En terceiro lugar,

cuestiónase a dedución de cotas soportadas (2015 a 2017) que xa foron obxecto de regularización en procedementos inspectores anteriores. A Universidade non presentara a deducibilidade do IVE por servizos comúns (auga, gas, electricidade, seguridade, limpeza etc.) pola *pro rata* ou parte proporcional que a AEAT estableceu no 9,84% –e que por redondeo fixou nun 10%–. Deste xeito, xuntáronse documentos e facturas correspondentes aos exercicios 2015, 2016 e 2017 para fundamentar reclamacións da parte proporcional, *pro rata*, ou deducibilidade dos servizos comúns en edificios xerais ou de investigación da universidade. Posteriormente presentouse unha liquidación a favor da Universidade da Coruña de 99.681,42€, contía moi inferior á prevista. É por isto que no mes de decembro se fixo o trámite de alegacións mediante unha acta de desconformidade. Mediante un escrito presentouse unha reclamación económico-administrativa dirixida ao Tribunal Económico-Administrativo Central. A contía pendente ascende a 934.044,41€.

IVE 2020

A contía que se liquida é 1.168.298,20 € mentres que o que se está a recuperar é de 183.821,02 €. Isto levou a presentar o 23 de xuño deste ano diferentes alegacións que foron revisadas pola Inspección da Delegación da AEAT en Galicia. Logo desa inspección o pasado 28 de setembro de 2020 recuperáronse 300.790,81€.

Con carácter xeral, o que se defende é que existe unha única actividade de investigación que demanda a deducibilidade das cotas de IVE soportado pola Universidade nas adquisicións de bens e servizos. A Universidade considera que as cotas de IVE de entrada da actividade investigadora teñen dereito a unha dedución do 100 %, xa que, independentemente de se estamos a falar de investigación básica ou aplicada, se trata dunha actividade empresarial única que entra dentro do sector diferenciado da actividade investigadora, que ten dereito a descontar o 100 % do IVE de entrada. Por outra banda, a Inspección entende que só o IVE soportado na investigación aplicada será deducible ao 100%, aplicando a porcentaxe proporcional do IVE de entrada do que chama investigación básica. Isto é así porque considera que a afectación exclusiva dos proxectos de investigación básica ao sector da investigación non foi probada, isto é, que non hai orientación empresarial nos devanditos proxectos ou resultados economicamente explotables e isto determina que as cotas de IVE apoiadas estean vinculadas á investigación básica será deducible segundo a *pro rata* xeral. Por outra banda, quíxose facer unha distinción entre a investigación básica e a aplicada mais cómpre ter en conta que para que houbera investigación aplicada era necesario para a investigación básica. Deste xeito, o CNAE non distingue en ningún momento entre a investigación básica e a aplicada, o que resulta en que o título de investigación é o 8030 (chamada "actividades de investigación") e o de educación superior é 8543.

En resumo, a cantidade pendente ascende a 934.044,41 €. Debido a que se tiveron que anular dereitos recoñecidos no ano 2020 dos anos 2015, 2016 e 2017 por contías de 109.201,78 € 90.006,38 € e 107.388,70 €, respectivamente, o total pendente de cobramento é de 4.018.891,55 €.

6.1.2 Novas medidas e accións desenvolvidas no ano 2021

Adicionalmente, e tendo e conta as novas esixencias hai que demostrar que existe unha vinculación das actividades dos grupos, institutos ou centros de investigación co desenvolvemento económico ou empresarial.

Así, con motivo de realizar un mellor seguimento e poder imputar xustificar correctamente os gastos realizados coa investigación, faise unha nova codificación orzamentaria. Esta nova codificación foi aprobada no pasado mes de marzo, unha vez que se aprobou o orzamento o 16 de marzo no Consello Social. Na resolución reitoral de delegación sobre xestión de créditos, modificacións orzamentarias e clasificación funcional dos gastos no orzamento 2021 aprobouse esa nova codificación orzamentaria. En concreto, a cláusula oitava establece as novas clasificacións funcionais e programas. Esta cláusula establece que na clasificación funcional do orzamento se engaden novas funcións orzamentarias e programas de gasto para mellorar o seguimento das diferentes áreas de actuación e dos recursos a elas asignadas.

a) Novas funcionais

Funcional 322A. Polo tratamento fiscal específico tamén é preciso detallar nunha funcional específica dos gastos vinculados ás residencias universitarias da Coruña e Ferrol coas que se podería recuperar o 100 %.

Funcional 121A. Creación dunha funcional para os denominados gastos comúns para os cales se pode presentar a deducibilidade do IVE (gas e gasóleo, electricidade, seguridade e limpeza) pola *pro rata*. Son actuacións de carácter xeral, vinculadas ao mantemento dos servizos xerais de apoio á docencia e á investigación. Os créditos asignados a estas actuacións xerais constitúen unha área de gasto importante, dado que permiten proporcionar a infraestrutura e realizar a contratación dos servizos necesarios para desenvolver a docencia e a investigación. Ao mesmo tempo esta identificación permitirá o seguimento do tratamento fiscal específico destes gastos. Esta clasificación é o resultado da información proporcionada polos responsables dos edificios da UDC, discriminando o uso atribuído aos diferentes espazos da universidade para a docencia, a investigación ou a outras actividades universitarias. O tratamento a nivel fiscal virá determinado pola afectación en función do uso primordial (exclusivo da investigación, a docencia, mixto ou para outras actividades).

Funcional 321A. Para os efectos de contar con información en contabilidade de custos, cómpre tamén identificar os gastos vinculados ás actuacións de protección e promoción social (321). Entre as actuacións vinculadas a esta área están os gastos de extensión universitaria, que fomentan a participación social e conectan a universidade coa sociedade, nas áreas de igualdade, cultura e deportes.

b) Mellorar o soporte documental cando se presente o IVE por investigación de tal xeito que se poida achegar evidencia de que no grupo ou investigadores individuais así como nos institutos ou centros de investigación (tamén se explica no seguinte apartado) existe transferencia, a cal se pode xustificar pola vía da existencia dun contrato artigo 83, a presenza de rexistros de software ou patentes, ter ou realizar servizos de oferta tecnolóxica. Todos estas actividades demostran que existe unha actividade directamente conectada ou vinculada coa actividade económica ou empresarial. A información que permite xustificar axeitadamente este requisito inclúe a seguinte documentación:

- Listaxe de proxectos de investigación en vigor durante o exercicio 2020. Inclúe a documentación xustificativa daqueles (informes xustificativos dos proxectos, avaliacións dos grupos de investigación, así como os currículos dos investigadores e grupos de investigación) e os informes finais de avaliación do Ministerio de Ciencia e Innovación.
- Listaxe de licenzas explotadas pola Universidade nos derradeiros anos, así como o grupo de investigación no que se xeraron.
- Listaxe de patentes e rexistros de software en funcionamento xunto coa identificación do grupo de investigación que as xerou.
- Facturación do Servizo de Apoio á Investigación (SAI).
- Resumo das actividades realizadas polos grupos de investigación que contén a listaxe de libros publicados, licenzas, patentes e contratos do art. 83 e a oferta tecnolóxica.

c) Demostrar que a actividade desenvolvida nos centros de investigación (CITIC, CITTEC, CICA, CIT, SAI) é unicamente de investigación e achegar todos os servizos de oferta tecnolóxica que presentan. Co fin de clarificar as actividades e grupos que utilizan cada un dos edificios mencionados propóñanse fichas resumo de cada un dos edificios. Nelas identifícanse: (i) grupos de investigación adscritos a cada centro, (ii) proxectos desenvolvidos, (iii) contratos art. 83 con empresas, (iv) patentes e rexistros de software e (v) oferta tecnolóxica dos grupos ao mercado.

d) Destaca particularmente todo o equipamento científico-tecnolóxico altamente especializado o cal, como consecuencia do valor tan alto hai que soportar altas cotas de IVE, as cales non foron recoñecidas neste ano 2020. Para todos os centros de investigación e institutos de investigación da UDC

achegouse o arquivo Excel denominado “Otros proyectos 2020” que reflectía na lapela “Infraestructuras 2018-2019” as adquisicións de equipo científico-tecnolóxico e información adicional como: (i) aplicación do gasto, (ii) código do proxecto, (iii) centro onde se sitúa o equipamento e (iv) código do grupo de investigación que o utilizará. Tamén se achegou documentación soporte de cada unha das infraestruturas detalladas incluída información tal como: (i) solicitude, (ii) informes de valoración e (iii) informe científico. Pese á documentación remitida, o órgano inspector considera que as cotas de IVE soportado en infraestruturas e equipamento científico dos ditos edificios só é deducible na porcentaxe de *pro rata*. Destaca, ademais, que non se considerase a devolución dos equipos do SAI, cando esta actividade si que dende o punto de vista da AEAT é aplicada, polo que baixo ese criterio debería ser devolto ao 100 % mais so se propoñía a *pro rata*, isto é, o 10 %.

e) Posibilidade de dedución das cotas de IVE soportado que foron soportadas dentro do prazo dos últimos catro anos e cuxa deducibilidade non se exercitara. A Universidade exerceu o dereito a deducir certas cantidades do IVE ingresado no exercicio 2019 nas súas autoliquidacións do exercicio 2020, dentro do período de vencemento do dereito á dedución de catro anos establecido polo artigo 99.3 da Lei sobre o valor engadido: *"O dereito á dedución só se poderá exercitar na declaración-liquidación relativa ao período de liquidación en que o seu titular soportase as cotas deducibles ou nas dos sucesivos, sempre que non transcorrese o prazo de catro anos, contados a partir do nacemento do mencionado dereito"*.

6.2 Tesouraría

Dende 2010 estamos inmersos nun contexto orzamentario restritivo, o que supuxo unha perda progresiva do remanente. Este dato, unido ao feito de que unha parte dos ingresos, principalmente os derivados da matrícula, están concentrados na última parte do ano, fan que o nivel de tesouraría entre xuño e setembro sexa baixo.

Este novo escenario obriga a buscar financiamento alleo que é tramitado normalmente a través de convenios ou convocatorias específicas que esixe adiantar previamente o crédito. Así, no ano 2021 existiron diferentes convenios coa Consellería de Educación que teñen continuidade no ano 2022 como o convenio de I+D+i (2021-22) ou o convenio para o Campus Industrial (2021-22). Todos estes investimentos obrigan a adiantar os fondos que non se recuperan até que o financiador certifica a

materialización dese investimento. Por esta razón, faise necesario asinar pólizas de tesouraría para facer fronte ás obrigas con provedores. Esta operación non implica endebedamento.

7. EVOLUCIÓN DO PDI (2020-21), NOVA RPT E MASA SALARIAL AUTORIZADA

7.1 Evolución do PDI (2020-21)

A normativa estatal referente á contratación, as esixencias dos plans de sustentabilidade e as actuais restricións financeiras fan que sexa necesario utilizar de forma efectiva e eficiente a taxa de reposición, que se está respectando absolutamente. A utilización da taxa de reposición na oferta pública de emprego e a revisión da planificación docente son as ferramentas que permiten manter os procesos de estabilización e promoción dos distintos colectivos do PDI. Deste xeito, no ano 2021 permitiuse a contratación de PDI funcionarios e laborais fixos en función da taxa de reposición correspondente ao ano 2020. A oferta de emprego público (OEP) de PDI para o ano 2021 consta de 71 prazas (33 de contratado doutor, 28 de titular de universidade e 10 de catedrático de universidade). Estas prazas foron convocadas tomando como base as seguintes baixas de PDI no ano 2020 que serviron á súa vez de base para o cálculo da taxa de reposición:

- 34 baixas por finalización da relación de profesorado dos corpos docentes universitarios ou extinción do contrato de PDI contratado permanente.
- 1 baixa por excedencia sen reserva de posto de traballo.
- 18 baixas por excedencia voluntaria por servizo activo noutro corpo ou escala de calquera Administración pública.
- 27 baixas de contratados/as doutores/as por acadar unha praza de titular de universidade.

Táboa 13. Distribución das prazas por categoría e xénero (OEP 2021)

N.º Prazas	Home	Muller	Non hai datos	Categoría
33	11	12	10	Contratado/a doutor/a
28	16	8	4	Titular de universidade
10	9	1	0	Catedrático/a de universidade
71	36	21	14	

Fonte: Vicerreitoría de Profesorado (2021)

A execución desta OEP, engadindo algunhas prazas das ofertas anteriores, permitiría a promoción en 2021 de 28 axudantes doutores/as, 22 contratados/as doutores/as e 10 titulares de universidade. Neste cómputo non se duplican os casos nos que a funcionarización de axudantes doutores/as puidese pasar por unha praza intermedia de contratado/a doutor/a:

Táboa 14. Distribución das prazas por categoría e xénero

N.º Prazas	Home	Muller	Categoría
28	14	14	Axudante doutor/a
22	11	11	Contratado/a doutor/a
10	9	1	Titular de universidade
60	34	26	

Fonte: Vicerreitoría de Profesorado (2021)

Co novo programa de funcionarización de axudantes doutores/as, con 6 prazas de titular de universidade que quedaran vacantes na convocatoria de prelación dirixida á funcionarización de profesorado contratado doutor, redúcese a temporalidade no PDI. Paralelamente, incrementáronse as posibilidades de acadar prazas de axudante doutor, dado que o programa dirixido ao profesorado interino e asociado resolveuse con 30 prazas na súa convocatoria ordinaria (25 na do ano anterior) e está prevista unha nova convocatoria extraordinaria co obxecto de avanzar de modo decidido na redución da temporalidade do PDI laboral. O resultado do programa do curso 2020/2021 foi o seguinte:

Táboa 15. Distribución por xénero das prazas de axudante doutor/a do curso 2020/2021

N.º Prazas	Home	Muller	Categoría
25	12	13	Axudante doutor/a

Fonte: Vicerreitoría de Profesorado (2021)

7.2 Nova RPT

As conversas entre Xerencia e a Xunta de Persoal comezaron coa constitución dunha mesa negociadora *ad hoc* formada en outubro de 2020. Ademais da Xerencia, houbo dous representantes de cada sindicato con presenza na Xunta de Persoal. A proposta inicial de RPT foise modificando ao longo das diversas reunións mantidas nese período e finalizou coa presentación do proxecto o 22 de xullo ante o Consello de Goberno da UDC e o Consello Social. A nova RPT baséase en tres principios básicos: flexibilidade funcional, especialización de mandos directivos e intermedios e mellora da eficiencia da organización e prestación de servizos, sen prexudicar ningún posto de traballo. Dentro dun contexto non expansivo de novas contratacións, preténdese mellorar a eficiencia do desempeño de forma que se adapte a unha administración moderna e dar un mellor servizo á cidadanía. Estes principios pretenden dar resposta ás novas esixencias da xestión en organizacións complexas onde é fundamental a coordinación dos procesos, o traballo en equipo e a flexibilización funcional.

Flexibilización funcional

A flexibilización funcional ten que ver cunha repartición de traballo equitativo entre todo o persoal, de forma que os picos de traballo poidan ser asumidos por persoal que nese momento teñan menos carga laboral. Este principio aséntase nas competencias que como funcionarios da administración xeral ten o PAS, con coñecementos suficientes para desempeñar tarefas de carácter xeral.

Especialización en mandos intermedios e directivos

Vanse incorporar postos especializados e cualificados de mandos intermedios e directivos que facilitarán a coordinación da actividade administrativa e da investigación. Estes postos fanse especialmente necesarios en organizacións complexas como pode ser unha institución universitaria onde a execución dos diferentes programas ou accións previstas depende de diferentes servizos. Para lograr unha correcta execución aconséllase un control e seguimento do proceso para o cal a participación deste persoal é fundamental. A especialización, sinalada como segundo principio da nova RPT, apúntase como básica para o persoal directivo e mandos intermedios, responsable da organización do traballo da súa unidade ou servizo. Entre outras novidades que achega a nova proposta é a creación dunha escala de Finanzas, con persoal experto en contabilidade que vén cubrir unha carencia existente actualmente.

Equipos de traballo

En terceiro lugar, basease na creación de equipos de traballo que permitan mellorar a eficiencia da organización e a prestación dos servizos. Isto quere dicir que se propicie o traballo en equipo, de tal forma que a ausencia dun traballador/a (por motivos de vacacións, baixa etc.) poida minorarse coa asunción das súas tarefas polo resto de persoal e que non haxa paróns nos trámites administrativos. A relación de postos de traballo do PAS da UDC establece, así mesmo, unha proposta de cuestións xerais comúns a todas as unidades administrativas:

- Dependencia directa e inmediata da xefatura da unidade de todos os postos base.
- Redacción e descrición dos postos evitando a linguaxe sexista.
- Eliminación da especialidade, con carácter xeral, nas xefaturas de negociado.
- Eliminación da columna vacante/non vacante.
- Eliminación da columna singularizado/non singularizado.
- Inclusión da columna denominada “Admón.”
- Eliminación das unidades de axuda á docencia e investigación (UADI).

- Incorporación do requisito de idioma inglés en postos base de cada unidade administrativa da RPT.
- Introducción do grupo “B”.
- Establecemento do concurso específico como forma de provisión, con carácter xeral, para os postos denominados xefaturas de servizo.

A nova proposta de RPT, que mantén todos os efectivos existentes, ten un incremento neto de postos de traballo que ascende a 19. A RPT entrou en vigor o 16 de novembro e a proposta preséntase como unha ferramenta na organización de efectivos, susceptible de melloras posteriores, pois enténdese como un proxecto que se fai entre todo o persoal da UDC.

7.3 Masa salarial autorizada e teito de gasto

O 19 de outubro de 2021 a Consellería de Facenda aprobou tanto a proposta desta RPT como o establecemento da masa salarial autorizada para a UDC no ano 2022. Deste xeito, de conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, Facenda autoriza para o ano 2022 os custos do persoal docente e investigador (PDI) e persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de A Coruña un teito de gasto total de 105.337.249 €. Esta contía inclúe a previsión do incremento retributivo para o ano 2022. De feito, hai unha previsión dun incremento global máximo das retribucións nunha porcentaxe do 2 %, a cal vai vir condicionada á aprobación do proxecto de orzamentos xerais da Administración xeral do Estado para o ano 2022. Non se considera ningún incremento para os gastos de acción social.

8. CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN

8.1 Campus Industrial de Ferrol (2021-23): Acreditación e Plan estratéxico 2021-26.

Como xa se explicara no Claustro de decembro de 2021, o Campus estaba no proceso de acreditación, feito que puido conseguirse. Así, o 15 de marzo do ano 2021 fíxose oficial a acreditación, o que o converteu no primeiro campus de especialización acreditado do Sistema Universitario Galego, feito que vai permitir ter acceso a financiamento estable no trienio 2021-2023. A comisión encargada de liderar este proceso de acreditación esixiu a necesidade de dispor dun Plano Estratéxico, o cal disporá dun Plan Operativo Anual, nomeadamente POA. Será presentado xunto co anteproxecto de orzamento do ano 2022.

8.1.1 Fitos valorados pola comisión

Destaca o incremento da oferta de novos títulos e tamén o reposicionamento doutra oferta formativa. Desde o ano 2016, o Campus Industrial de Ferrol (CIF) promoveu un proceso de renovación académica aliñada coa industria intelixente e a Fábrica 4.0 que pretende impulsar con todas as súas accións. Así, implantáronse 6 novas titulacións (2 graos e 4 másteres) e modificáronse outras 5 para orientalas ao máximo cara á especialización do Campus. En total, 11 dos 23 títulos do CIF (41%) son novos ou foron renovados. Os novos títulos son o Máster Universitario en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético (2016-2017), o grao en Xestión Industrial da Moda (2018-2019), o Máster Universitario en Enxeñaría en Deseño Industrial (2018-2019), o Máster Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos (2018-2019), o grao en Xestión Dixital da Información e Comunicación (2019-2020) e o Máster Universitario en Informática Industrial e Robótica (2020-2021). Os títulos modificados son o Máster Universitario en Enxeñaría Industrial (2018-2019), o Máster Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica (2018-2019), o grao dual en Enxeñaría Eléctrica (2019-2020), o grao en Enxeñaría Mecánica (2019-2020) e o grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (2019-2020). Este grande esforzo realizado nos últimos anos reflíctese no feito de que o 50% dos títulos de grao e máster do Campus son novos ou modificados, o que representa un dato esencial no proceso de especialización do CIF.

Tamén destaca a potenciación da investigación, a transferencia e a conexión co tecido produtivo. O CIF está potenciando a investigación interdisciplinar de calidade no ámbito da industria intelixente e a fabricación avanzada, co fin de acadar un maior impacto na comunidade e o tecido produtivo da contorna e conseguir posicionarse como un pilar de I+D a nivel nacional e internacional, sendo unha referencia nos seus ámbitos de especialización. Uns dos piares do CIF é a contribución á transformación do tecido produtivo da contorna mediante a transferencia de tecnoloxía e coñecementos ás empresas tractoras de diferentes sectores desenvolvendo proxectos de I+D aplicados á industria e colaborando no ámbito docente. Tamén destacan as distintas cátedras como, por exemplo, a Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos, a Cátedra Jorge Juan, a Cátedra Epifanio Campo ou a Cátedra de Protección Civil e Xestión de Emerxencias. Por último, no eido da promoción e difusión, dende 2016 desenvolvéronse máis de 40 actividades divulgativas e de promoción ligadas á especialización industrial do Campus, entre as que destacan seminarios, xornadas, eventos, feiras e edición de materiais docentes divulgativos e audiovisuais.

8.1.2 Plan estratéxico

Logo de ver o que se fixo no período 2016-20, expónse a visión, misión e valores así como as grandes áreas de especialización. Os obxectivos estratéxicos para os vindeiros cinco anos. Para iso, establécense

diferentes obxectivos estratéxicos asociados a diferentes áreas ou piares, así como o establecemento das accións dirixidas a daren resposta a eses obxectivos e a definición dos indicadores correspondentes para tal efecto.

a) Visión e misión

O Campus Industrial de Ferrol ten como misión afondar na súa especialización dentro dos ámbitos da industria intelixente e a fabricación avanzada a través dunha perspectiva integrada e multidisciplinar en que se potencia a docencia, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a transferencia do coñecemento do Campus de Ferrol ao tecido empresarial da contorna e á sociedade en xeral.

Con isto, o Campus Industrial quere ser un axente estratéxico que contribúa a mellorar a competitividade, eficiencia e sostibilidade tanto dos sectores industriais estratéxicos de Galicia (naval, enerxético, téxtil etc.) como dos sectores emerxentes (industria do videoxogo, por exemplo), mediante a formación de profesionais para o exercicio das actividades profesionais ligadas aos ditos sectores e o desenvolvemento de coñecementos e novos avances tecnolóxicos.

b) Ámbitos de especialización

Os ámbitos de especialización concretos do CIF, a través dos que se materializan a misión e visión, son seis: L1. Robótica industrial, L2. Materiais, L3. Optimización de procesos industriais, L4. Enxeñaría Naval e Offshore, L5. Xestión industrial e L6 Desenvolvemento de produto.

c) Obxectivos estratéxicos


O CIF pretende avanzar na especialización deste campus e converterse no campus de especialización universitario de referencia en Galicia no eido industrial. Para iso, establécense seis obxectivos estratéxicos (OE), aliñados con cada unha das dimensións establecidas para o CIF, que serán presentadas nos seguintes apartados e que serán os eixes en que se sustentarán as liñas de actuación e as accións. Os obxectivos estratéxicos están graficados na figura 4.

d) Plans de acción

Constitúense, así, seis grandes liñas de traballo ou dimensións que agrupan por temática as máis de 27 accións nas que se descompón o traballo, tendo en conta os valores transversais de internacionalización, sostibilidade e responsabilidade social, que poderán afectar a todas as liñas estratéxicas fixadas. Todas as actuacións propostas para os próximos anos para o CIF englobanse baixo seis grandes dimensións

que definen a súa natureza. Así, esas seis dimensións en que se dividen as liñas estratéxicas e actuacións son as seguintes:

Figura 4. Areas ou piares do CIF



Fonte: Elaboración propia

8.2 Campus Sustentabilidade e Innova

O Campus Sustentabilidade lanzouse en xuño de 2018 e o Campus Innova en novembro de 2018. Preténdese avanzar na definición das grandes áreas especialización sobre as cales se concreten tanto as liñas de investigación ou de transferencia como as áreas de interese formativo ou académico. Deste xeito, preténdese continuar coa implantación da oferta de graos e mestrados baseados nos campus de especialización que intenten dar resposta ás novas necesidades sociais e de formación de profesionais do futuro que sirvan para impulsar sectores estratéxicos para a nosa comunidade autónoma.

No ámbito da docencia destaca o programa “*Educando para a Sustentabilidade*”, cunha vocación moi práctica e aplicada que se concretou en obradoiros, talleres e sesións formativas. O grao interuniversitario en Paisaxe vai finalizar a primeira edición. Tamén debemos salientar a mellora no *ranking* internacional GreenMetric no que a Universidade mellora a súa posición e acada o posto sétimo de España e 85 a nivel mundial. Tamén destaca a implantación dos proxectos de eficiencia enerxética dos edificios de Normal, ETSAC, Pavillón de Deportes, Reitoría, EPS e Humanidades.

O Campus Innova presentouse o pasado 16 de novembro de 2018. No ámbito da investigación e transferencia destaca a renovación do centro singular do CITIC no eido das tecnoloxías da informacións e das comunicacións para o período 2019-22. No ano 2022 volverá a presentar a súa candidatura. De

igual xeito, ao igual que o CITIC, o resto de centros de investigación vanse presentar á convocatoria de centros de investigación.

É de destacar a grande aceptación que están a experimentar os novos graos asociados e vinculados á area tecnolóxica e dixital como o grao en Videoxogos (entra no terceiro curso) e o grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos –comeza o segundo curso neste ano 2021-22, ao igual que o grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía–. En todos os casos se completaron integramente as prazas que se ofertaban. Tamén hai que salientar o éxito conseguido co programa Alumni e co programa STEM Bach, ambos dirixidos tanto á captación de talento como á promoción de vocacións científicas no eido da enxeñaría e das áreas de coñecemento científico-tecnolóxica. Por último, quérese destacar a contribución dos dous campus ao proxecto da Cidade das TIC. A dotación para estas unidades é de 245.000€.

9. FONDOS NEXT GENERATION

Ante a situación xerada pola pandemia mundial provocada pola covid-19, o Consello Europeo, na súa reunión do 21 de xullo de 2020, acordou un paquete de medidas co que se persegue que a Unión Europea e os seus Estados membros poidan saír reforzados desta crise. Estas medidas reúnen o futuro marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027 reforzado e a posta en marcha do Instrumento Europeo de Recuperación «Next Generation EU».

9.1 Criterios de xestión

O RDL 36/2020 require a identificación da axuda cun código de referencia único. Así, as entidades do sector público estatal promoverán a modificación do correspondente sistema de información contable para que o rexistro contable das operacións de gasto, en calquera das súas fases de execución orzamentaria e capítulos ou natureza de gasto, susceptibles de imputación a proxectos ou iniciativas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) da UE, nos cales se incorra a partir do exercicio 2021, identifique o código de referencia único do proxecto ou iniciativa que para tal efecto asignase a autoridade de xestión nacional do correspondente programa ou mecanismo comunitario. Así mesmo, nas ditas operacións de gasto identificarase o código de convocatoria da Base de datos nacional de subvencións (BDNS) ou o número de identificación de contrato na Plataforma de contratación do sector público, segundo corresponda, cando, conforme a fase de gasto, a dita información xa estea dispoñible. (artigo 46.1)

Requírese contablemente a identificación da actuación do PRTR á que a operación contribúe. Ademais, requírese o seguimento e cumprimento dos diferentes obxectivos:

- a) Rexistrar todas as operacións no sistema contable, tanto de exercicio corrente como posteriores.
- b) Tamén se require que a UDC dispoña dun plan de medidas antifraude.
- c) Establecer e manter un espazo web único que proporcione información sobre o MRR e os proxectos relacionados e comunicar a ligazón web específica á Comisión.
- d) Garantir que os beneficiarios finais reciban información do financiamento da UE no marco dos MRR.
- e) O logo da UE, cando estea en asociación con outros, deberá ser máis prominente e estar separado dos demais.
- f) Disposicións adoptadas para evitar o dobre financiamento.

9.2 Programas ou proxectos aprobados

Destacan os grandes retos da dixitalización, a transición ecolóxica e a recuperación, transformación e resiliencia. A continuación, resumimos os proxectos concedidos.

9.2.1 Plan de recualificación do sistema universitario español para 2021-2023

O Ministerio de Universidades, en virtude da súas competencias recollidas no Real decreto 431/2020, do 3 de marzo, polo que se desenvolve a súa estrutura orgánica básica, definiu diversas reformas e investimentos para executar o citado Instrumento Europeo de Recuperación, plasmadas no compoñente 21 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia presentado o 7 de outubro de 2020 e titulado «Modernización e dixitalización do sistema educativo».

En concreto, e polo que aos investimentos se refire, perséguese, por un lado, a recualificación do sistema universitario español e, polo outro, a súa modernización e dixitalización. Trátase dun investimento de carácter plurianual dirixido á mellora do sistema universitario español a través da promoción da formación dos seus novos doutores, do fomento da mobilidade do seu persoal docente e investigador e da atracción do talento internacional.

Así mesmo, o día 4 de xuño de 2021 ten lugar a publicación no Boletín Oficial de Estado (BOE) da Orde UNI/551/2021, do 26 de maio, pola que se conceden as subvencións previstas no Real decreto 289/2021, do 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español. Neste marco, o 2 de xullo de 2021 a Universidade da Coruña publica a Convocatoria de axudas para a recualificación do Sistema Universitario Español, coas seguintes características que se detallan a continuación.

Financiamento e modalidades das axudas

Esta convocatoria está financiada pola subvención directa concedida á Universidade da Coruña, pola Orde UNI/551/2021, do 26 de maio, pola que se conceden as subvencións previstas no Real decreto 289/2021, do 20 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español, de acordo co seguinte cadro de contías. A distribución do importe total da subvención entre as diferentes así como as partidas orzamentarias que se convoquen pode verse na seguinte táboa.

Táboa 16. Axudas concedidas e financiamento plurianual do programa de recualificación

Concesión	Ano 2021 (euros)	Ano 2022 (euros)	Ano 2023 (euros)	Total	Número mínimo de axudas
UP2021-001	1.694.396 €	1.694.396 €	1.694.396 €	5.083.188 €	35

Modalidade	Importe total (2021-23)	Partida orzamentaria
Axudas Margarita Salas	3.367.000 €	05.00.51.NG.01.541A.640.01 Axudas Margarita Salas
Axudas María Zambrano	1.116.188 €	05.00.51.NG.02.541A.640.01 Axudas María Zambrano
Axudas de recualificación do profesorado	600.000 €	05.00.51.NG.03.541A.640.01 Axudas recualificación PDI
Total	5.083.188 €	

- Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores.** O seu obxecto é a formación de novos doutores mediante estadías de formación nunha universidade pública española ou ben en universidades e centros de investigación estranxeiros, así como en organismos públicos de investigación españois, sempre que o último ano da estadía se realice nunha universidade pública española seleccionada polas persoas solicitantes.
- Axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado.** O seu obxecto é a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado, mediante estadías de formación nunha universidade ou centro de investigación públicos, distinto a aquel co que manteñen a relación estatutaria ou laboral.

- c) **Axudas María Zambrano para a atracción do talento internacional.** O seu obxecto é a atracción a universidades públicas españolas de persoal docente e investigador con traxectoria posdoutoral acumulada en universidades ou centros de investigación estranxeiros.

9.2.2 Plan UNIDIGITAL

Plan de axudas de concesión directa de subvencións previstas no Real decreto 641/2021, do 27 de xullo, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas españolas para a dixitalización e modernización do SUE (Sistema Universitario Español) no marco de recuperación, transformación e resiliencia. A convocatoria esixe a presentación de proxectos propios para desenvolver na mesma universidade e colaborativos para desenvolver por, ao menos, tres universidades. Os proxectos foron presentados o pasado 2 de novembro.

A axuda á que podería optar esta universidade queda establecida nunha contía de 1.162.529,40 €, repartida en dúas anualidades de 993.860,50 € no ano 2021 e de 168.668,90 € no ano 2022 que se reparten, como se acaba de indicar, en diferentes proxectos propios e colaborativos. O total comprometido no período 2022-23 queda establecido en 1.162.528,88 €, moi próximo ao valor da axuda máxima concedida. Un resumo dos proxectos presentados tanto propios como colaborativos pode verse na táboa 17.

Táboa 17. Proxectos presentados á convocatoria Unidigital

Tipo	Categoría	Denominación do Proxecto	Universidade que coordina	Importe (2022)	Importe (2023)	Total
Propio	Xestión académica	Sigma Academic	UDC	164.106,83 €	287.141,54 €	451.248,37 €
Propio	CPD redundante e servizos Cloud	UDCcloud	UDC	100.000,00 €	30.000,00 €	130.000,00 €
Colaborativo	Xestión académica (módulos interuniversitarios)	Sigma Academic	UVigo	40.584,95€	77.415,05 €	118.000,00 €
Colaborativo	Formación en Competencias Dixitais para PDI, PAS e alumnado	DigitAll	UCLM	53.380,00 €	53.380,00 €	106.760,00 €
Colaborativo	Competencias Dixitais do Profesorado-Formación e Acreditación	DigCompEdu-FyA	UAH	25.000,00 €	25.000,00 €	50.000,00 €
Colaborativo	Plataforma virtual de formación en aberto	xOC	USC	30.000,00 €	42.000,00 €	72.000,00 €
Colaborativo	Servizo de certificación dixital para o Sistema	CertiDigital	UC3M	25.000,00 €	50.000,00 €	75.000,00 €
Colaborativo	Plataforma de campañas automáticas de concienciación en seguridade	CONSEC	US	3.409,09 €	3.409,09 €	6.818,18 €
Colaborativo	SOC interuniversitario	UniSOC	UDC	70.000,00 €	70.169,00 €	140.169,00 €
Colaborativo	Desenvolvemento de mecanismos de segundo factor para identificación de usuarios invitados	Portafirmas	UAM	4.000,00 €		4.000,00 €
Colaborativo	Ampliación do módulo de invitados para contemplar o tratamento masivo de peticións	Portafirmas	UAM	1.333,33 €		1.333,33 €
Colaborativo	Cadro de mandos de datos para a explotación estatística	Portafirmas	UAM	3.400,00 €		3.400,00 €
Colaborativo	Auditoría de seguridade de eventos de Portafirmas	Portafirmas	UAM	3.800,00 €		3.800,00 €
				524.014,20 €	638.514,68 €	1.162.528,88 €

9.2.3 Programa de equipamento científico-tecnolóxico

Na Orde CNU/384/2019, do 2 de abril, aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas do Subprograma Estatal de Infraestruturas de Investigación e Equipamento Científico-Técnico do Programa Estatal de Xeración de Coñecemento e Fortalecemento Científico e Tecnolóxico do Sistema de I+D+i del Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020, destinadas a organismos de investigación e de difusión de coñecementos e de infraestruturas de investigación. A Universidade presentou nove proxectos dos que resultaron concedidos catro. O financiamento conseguido foi de 2,76 millóns de euros.

Táboa 18. Proxectos concedidos na convocatoria

EQC2021-007809-P	Sistema separación por fraccionamiento campo-flujo (dual AF4/HF5) acoplado a UV/Vis, RI, MALS, DSL/ZETASIZER, QQQ-ICP-MS para caracterización e cuantificación de nanopartículas e compuestos orgánicos	677.124,72 €
EQC2021-007780-P	Difractómetro de raios X para monocristal con dobre microfuelle e detector de alta sensibilidade	662.764,19 €
EQC2021-007679-P	Adquisición de un conxunto de lectores de TL-OSL equipados con sistema de single-grain e varios sistemas de estimulación e detección para a datación de materiais xeolóxicos e arqueolóxicos	637.775,00 €
EQC2021-007563-P	Espectrómetro de Resonancia Magnética Nuclear de 500 MHz automatizado con criosonda multinuclear	779.240,00 €
	Total	2.756.903,91 €

Os equipos que integran as solicitudes concedidas da convocatoria 2021 de axudas para a adquisición de equipamento científico-técnico, xunto con algunhos dos dispoñibles nos SAI da UDC, teñen aplicación directa nas liñas de investigación actuais. A consecución destes instrumentos suporá un notable avance nos estudos relacionados coa nanociencia e potenciarán a investigación relacionada coa nanociencia e nanotecnoloxía, liña que ademais ten a súa dimensión docente ou formativa xa que neste ano 2021 está a desenvolverse o segundo curso académico (2021-22) do grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía.

9.2.4 Proxectos internacionais

Tamén se aprobaron dous proxectos correspondentes a proxectos de investigación seleccionados nas convocatorias competitivas internacionais, no marco de actuacións de «programación conxunta internacional», do programa estatal de I+D+i orientada aos retos da sociedade, no marco do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2017 -2020.

Táboa 19. Proxectos concedidos na convocatoria

PCI2021-121924	Care, inequality and wellbeing in transnational families in Europe: A comparative intergenerational study in Spain, France, Sweden and UK.	119.916,00 €
PCI2021-121987	Presence, behaviour and risk assessment of pharmaceuticals in marine ecosystems	125.000,00 €

9.3 Proxectos singulares: i-Campus

O i-campus é un novo modelo enerxético e dixital para a transformación dos campus universitarios cumprindo cos retos de transición enerxética e ecolóxica coa finalidade de transformar as cidades nos vindeiros anos. A innovación actúa como elemento cohesionador do binomio Universidade-cidade permitindo o desenvolvemento de novos mecanismos de innovación social, modelos de adaptación ao cambio climático, transporte sustentable, redución da pegada ecolóxica e sustentabilidade. Se trata de crear nodos demostrativos en diferentes Universidades e que ademais poderían ser replicables en todo o territorio nacional.

En suma, o proxecto i-Campus desenvolve liñas de actuación sobre instalacións, servizos e infraestruturas da Universidade así como iniciativas da contorna que pivotarán sobre tres eixos estratéxicos: transición verde, a dixitalización e a transformación en entornos verdes e adaptativos.

10. PLAN ESTRATÉXICO (2022-26)

10.1 Proceso de planificación estratéxica

A planificación estratéxica enténdese como un compromiso público de actuacións encamiñadas á consecución duns obxectivos formulados, compartidos e asumidos pola comunidade universitaria. Tamén debe definir a “razón de ser” da institución, a esencia da súa identidade e os seus valores, tamén denominado visión, misión e valores, que aseguran a súa continuidade e sentaron as bases da súa evolución histórica.

Os plans estratéxicos 2005-2010 e 2013-2020 da UDC serviron para impulsar a institución e guiala no proceso do seu desenvolvemento estratéxico. Este plan estratéxico 2022-2026 nace nun contexto de moita complexidade, condicionado pola pandemia causada pola covid-19. O Plan estratéxico debe axudar á UDC a realizar as súas achegas e propostas aos grandes retos globais que establecerán, de seguro, un novo paradigma: a dixitalización, a sustentabilidade nos diferentes ámbitos (económico, social e medio ambiental), o reto demográfico e para saber facer fronte as incertezas económicas causadas pola covid-19. Paralelamente, este plan estratéxico debería poder captar talento e obter recursos económico-financeiros presentes nas diferentes convocatorias para os vindeiros anos a nivel local, galego, estatal e europeo (cos fondos Next Generation, como pano de fondo).

O actual plan estratéxico finalizou a súa vixencia a finais do ano 2020. Correspondía nese ano comezar a súa elaboración. Porén, como consecuencia da pandemia, isto non foi posible polo que se decidiu prorrogar o mesmo mentres non se aprobara o seguinte. Polo tanto, o pasado 26 de outubro aprobouse en Consello de Goberno a metodoloxía que se sintetiza a continuación. Ese mesmo documento foi presentado ante o Consello Social o mesmo día pola tarde.

10.2 Programación temporal e metodoloxía

A metodoloxía que se propón pretende implicar a todos os membros e órganos colexiados da comunidade universitaria, xunto coa participación activa dos grupos externos implicados e suscitar un debate crítico de propostas construtivas. Deste xeito, toda a UDC está chamada a este proceso de reflexión e de construción das bases para lograr o mellor futuro para a institución. O proceso constará de cinco fases, distribuídas como se explica a continuación.

- Fase 1: **Formulación da visión, misión e valores**, identificación de áreas estratéxicas e constitución dos grupos de traballo.

- Fase 2: **Debate sobre a visión, misión e valores e diagnose estratéxica.** Debátese por parte dos órganos de goberno desa misión, visión e valores e formular unha diagnose estratéxica.
- Fase 3: **Establecemento dos obxectivos estratéxicos e operativos.**
- Fase 4: **Determinación de proxectos e accións para dar cumprimento aos obxectivos definidos por áreas estratéxicas.**
- Fase 5: **Rendición de contas (RC).**

O 30 de novembro vaise a presentar ante o Consello de Goberno o documento denominado visión, misión e valores que de ser aprobado será presentado ante o Claustro. Tamén se informará sobre a creación dos diferentes grupos de traballo nas diferentes áreas de docencia e aprendizaxe, investigación e transferencia, internacionalización, responsabilidade social e sustentabilidade e financiamento e uso eficiente dos recursos. Polo tanto, estamos na fase 2.

11. PROGRAMAS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA (2021-22)

No ano 2021 rematáronse os seis proxectos de eficiencia enerxética que estaban previstos para o ano 2020, os cales non puideron executarse e rematarse nese mesmo ano por mor da pandemia. Logo de recibir a autorización da extensión da prórroga até o 2 de xuño de 2021 continuouse avanzando.

O primeiro edificio en recepcionar foi o edificio da NORMAL. A continuación, foron a ETSAC, a EPS e Humanidades, Reitoría e Pavillón de Deportes. O investimento nos seis proxectos alcanzou unha contía de 2,77 millóns de euros. A xustificación fíxose o 1 de xuño e a inspección dos edificios por parte do INEGA fíxose en dúas fases. Na primeira semana de outubro realizouse a inspección dos edificios da Reitoría, Normal e o pavillón e os ingresos fixéronse efectivos no mes de novembro. A finais do mes de novembro está previsto que se faga a inspección da ETSAC, a EPS e Humanidades, e que o ingreso se faga efectivo no mes de decembro.

Como pode verse na táboa 20, existe unha mellora da cualificación enerxética en todos os edificios moi notable tanto no referido á enerxía primaria non renovable como á referida ás emisións. De feito, en todos os casos se supera como mínimo unha letra e nalgúns casos como son a EPS, Humanidades a mellora é de ata tres letras en enerxía primaria non renovable (pasa da letra F á letra B) e de dúas na ETSAC (pasa da letra E a letra B). Ademais, o aforro de enerxía primaria non renovable (datos CEX) é superior en todos os casos a un 35 %. O aforro económico supera os 200.000 €/ano cun período de amortización de dous anos e medio, se ben aínda é mais importante o aforro de emisións de CO₂ que supera as 700 t CO₂/ano. Por todo isto, considérase que o investimento realizado cumpriu cos obxectivos de xerar un maior benestar, conseguir un maior aforro enerxético, económico e medio ambiental.

O obxectivo para 2022 é continuar con esta liña de mellora da eficiencia enerxética dando unha prioridade aos edificios que non puideron ser realizados na anterior convocatoria ben porque a convocatoria non permitía presentar máis de oito proxectos, ou ben porque a pesar de que os proxectos cumprían os criterios esixidos pola convocatoria non había máis crédito. Do mesmo xeito, vaise presentar un proxecto de almacenamento de enerxía renovables as que se quere concursar e que procede dos fondos “Next Generation EU”. Trátase de instalacións fotovoltaicas cuxa implantación suporía avanzar na liña de eficiencia enerxética antes mencionada. Tamén se está a traballar en proxectos integrais de eficiencia enerxética similares aos seis proxectos presentados, así como a mellora de cubertas. Finalmente, existen anteprojectos de edificación de infraestruturas singulares no eido das TIC que estaría situado na Cidade das TIC e da Industria Intelixente en Ferrol.

Ademais, vaise explorar se é posible efectuar a adhesión a Redexga nos centros de Filoloxía, Informática e o Edificio de Servizos Centrais para a Investigación nos que hai compra de enerxía. Este programa estaba sendo eficaz mais coa suba dos prezos no último cuadrimestre deste ano faise necesario reformular esta opción e incorporar a Redexga eses centros. Tamén se mantén a compra centralizada de combustibles e gas tanto en Redexga como en CSUC. Isto supón tanto unha redución do custo económico como unha redución dos custos de tempo e administrativos.

Táboa 20. Resumo dos indicadores de xestión

Edificio	Cualificación enerxética do edificio en enerxía primaria non renovable		Cualificación enerxética do edificio en emisións		Medidas de aforro enerxético			Investimento realizado
	Antes da reforma	Despois da reforma	Antes da reforma	Despois da reforma	Aforro de enerxía primaria non renovable (datos CEX) –mínimo de 15% e máximo do 60%-	Aforro de emisións de CO ₂ (datos CEX)	Coefficiente de aforro en relación ao investimento (entre 0,1 e 2)	
NORMAL	E	C	D	C	50,06%	192,56 tCO ₂ /ano	2,02 Kwh/€	339.268,73€
ETSAC	E	B	E	C	44,24%	189,30 tCO ₂	1,81 Kwh/€	609.526,33€
EPS	F	B	E	C	41,57%	164,61 tCO ₂ /ano	1,64 KWh/€	376.233,15€
Humanidades	F	C	F	C	38,92%	72,33 tCO ₂ /ano	1,07 KWh/€	250.984,71€
Reitoría	D	B	C	A	57,82%	107,92 tCO ₂ /ano	1,23 Kwh/€	473.722,52 €
Pavillón de Deportes	C	A	C	A	35,54%	75,4 tCO ₂	0,47 kWh/€	724.556,11€
Total								2.774.291,55€

Fonte: Elaboración propia a partir das certificacións finais de obra e documentación económica e administrativa

12. A CIDADE DAS TIC

O sector TIC galego está a ser un sector dos máis dinámicos canto a súa evolución e perspectiva de futuro. A Coruña conta con dous centros de investigación e tecnolóxicos especializados no ámbito das TIC como o CITIC (Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e Comunicación), único centro singular TIC recoñecido pola Xunta de Galicia e o ITG (Instituto Tecnolóxico de Galicia), tamén referente no ámbito das TIC. As empresas do sector TIC atópanse nunha fase expansiva, tanto dende o punto de vista tecnolóxico como empresarial, con perspectivas positivas de crecemento nos próximos anos.

12.1 Ecosistema de innovación ao redor da área TIC

O obxectivo da “Cidade das Tic” é crear un ecosistema de innovación ao redor desta área de especialización. En concreto, tratase de crear un polo de innovación tecnolóxica e dixital onde poden

converxer centros de innovación e formación e grupos de investigación da Universidade da Coruña e doutras Universidades galegas. Isto pode ser posible grazas creación de espazos tecnolóxicos de I+D, os cales permitirán crear *spin-offs*, *start ups* e fomentar a colaboración pública-privada. Ao abeiro da Estratexia Dixital de Galicia, o obxectivo é lograr a vertebración concentración e crecemento e internacionalización das TIC en Galicia. Como indica a propia estratexia dixital de Galicia “...*Favorecendo o fortalecemento de instrumentos de apoio á especialización tecnolóxica como son os Gaia Tech, a rede de nodos de especialización tecnolóxica de Galicia, a rede galega de Hubs de innovación dixital e a futura Cidade das TIC*” (P.19 Programa para a potenciación da competitividade e innovación do Ecosistema dixital). Todo isto pode favorecer a atracción de talento e de empresas tecnolóxicas interesadas en situaren novas unidades de produto e en suma a creación dun polo de especialización tecnolóxica.

O polo de especialización estaría formado por diferentes elementos entre os que destacan catro elementos: o Centro de Servizos Avanzados (CSA), unha área empresarial TIC, un centro de I+D e un espazo de formación e difusión da transformación dixital.

O CSA vai ser o primeiro dos edificios que se rehabilitarán. A área empresarial TIC, que estará constituída por grandes empresas, pemes e novas empresas, daría cabida ás necesidades do sector empresarial TIC ao poder contar con novos espazos para ampliar instalacións e desenvolver novos servizos tecnolóxicos avanzados. O centro de I+D vai estar integrado polas estruturas de I+D+i da Universidade da Coruña e dos centros de investigación. Por ultimo, o espazo de formación e difusión da transformación dixital contará cunha compoñente centrada na capacitación avanzada do sector TIC.

Figura 5. Edifícios e servizos da Cidade das TIC



Fonte: <https://www.cidadedastic.gal/>

12.2 Fitos acadados: Comezo da rehabilitación do primeiro dos edificios (CSA) e sinatura do convenio o 1 de decembro

O investimento na cidade das TIC non vai a cargo do orzamento da Universidade, senón a través doutras vías de financiamento. O importe que debe pagarse polo canon ascende a unha contía de 260.000 € que debe aboarse antes de febreiro de 2022 e que pode compensarse mediante os diferentes gastos e investimentos realizados durante o ano 2021-22.

O 1 de decembro vaise a asinar o Convenio de colaboración para a elaboración do plan director e constitución da estrutura de cogobernanza da Cidade das TIC. Será na antiga Fábrica de Armas ás 09:30h e asinarán o Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, a Alcaldesa da Coruña, o Presidente da Deputación da Coruña, o Presidente do Clúster TIC Galicia e o Reitor da Universidade da Coruña.

De igual xeito o próximo 15 de decembro se fará entrega dos premios ao concurso de ideas do proxecto da infraestrutura singular de investigación da “Cidade das TIC”.

13. CONCLUSIONES

As principais conclusións que se derivan deste documento e que marcarán o desenvolvemento do orzamento do ano 2022 son as seguintes:

1) Equilibrio orzamentario

O equilibrio do orzamento do ano 2022 sitúase no nivel dos 147,93 millóns de euros, cun incremento do 7,98% con respecto a ano 2021. No orzamento do exercicio económico do ano 2022 existe unha mellora notable das transferencias correntes (capítulo 4) –no que se inclúe a mellora do financiamento estrutural– como das transferencias de capital (capítulo 7). Para facer fronte a determinadas actuacións, caso dos programas de eficiencia enerxética, é necesario realizar investimentos en capital, os cales poden axudar a reducir os gastos correntes e impulsar a I+D+i.

2) Contexto de incerteza económica

A crise do coronavirus causou unha perda do PIB moi importante no ano 2020 de case 11 puntos porcentuais. A pesar da lixeira melloría neste ano 2021, aínda existe un alto grao de incerteza económica. A proba deste feito é que se esperaba un incremento do PIB para este ano do 6%, o cal non puido materializarse. De igual xeito, o incremento dos prezos da enerxía e os problemas de abastecemento nas cadeas globais de subministracións están ocasionando non só unha presión inflacionaria nos prezos, senón tamén o relanzamento da economía.

3) Mellora do financiamento estrutural e diminución do financiamento por resultados

O fondo estrutural mellorou dun xeito moi notable ao incrementar en máis de 10 millóns de euros mentres que hai unha diminución de 3 millóns no financiamento por resultados como consecuencia de que non hai transvasamento de crédito dende o subfondo custo estándar ao panel de indicadores.

4) Incremento dos gastos correntes (capítulo II) e dos investimentos en I+D+i (capítulo VI)

O capítulo 1 incrementábase até alcanzar unha contía de 103,84 millóns, o cal non ten o incremento retributivo. Destaca o grande incremento dos gastos correntes (enerxía eléctrica, limpeza, seguridade, combustibles, seguros, tributos, mantementos, xardinaría etc). En total, os gastos correntes ascenden a 18,67 millóns de euros (cun incremento do 15,79%) mentres que as transferencias correntes se manteñen por volta dos 4,7 millóns de euros. Faise necesario realizar un control da evolución do gasto corrente en todas as unidades ou centros de gasto e conseguir, se for posible, unha redución.

5) Impulso dos campus de especialización e acreditación do Campus Industrial de Ferrol

Preténdese impulsar o Campus Innova, o Campus Sustentabilidade e o Campus Industrial de Ferrol cuxas grandes liñas de especialización, tanto de investigación como de transferencia, xa están definidas. Dentro do Campus Industrial destacan a fabricación aditiva, a robótica industrial, materiais, a optimización dos procesos industriais, a xestión industrial, enxeñaría naval e *off-shore* e deseño e desenvolvemento de produto. Por medio destes campus inténtase dar unha mellor oferta académica e mellorar a súa transferencia de coñecemento. Tras conseguir a acreditación do Campus Industrial no mes de marzo de 2021 preténdese avanzar na creación dun centro de investigación singular no eido da industria intelixente e finalizar o proceso de integración das dúas escolas de Enxeñaría. De igual xeito, o Campus Innova e Sustentabilidade van impulsar o proxecto da Cidade das TIC.

6) Impulso da investigación e da transferencia

No ámbito da investigación e transferencia destaca o avance do centro singular do CITIC no eido das tecnoloxías da informacións e das comunicacións. Tamén se quere someter a avaliación dos centros de investigación do CICA e do CITEEC, os cales van intentar avanzar cara á creación de centros singulares. O obxectivo para o ano 2022 é consolidar esta traxectoria e crear un centro de investigación referente e singular no eido da industria intelixente integrado no Campus Industrial de Ferrol.

7) Elaboración do documento de visión, misión e valores e lanzamento dos grupos de traballo para avanzar no Plan estratéxico

Logo de aprobarse o documento de visión, misión e valores vaise afondar na redacción do plan estratéxico focalizado en dar resposta ao contexto de incerteza económica en que estamos inmersos, captar fondos europeos das convocatorias “Next Generation” e en dar resposta aos grandes retos da dixitalización e da sustentabilidade, nomeadamente aos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

8) Maior énfase nas políticas de aforro e investimento en programas de eficiencia enerxética

Vaise continuar coa implantación de programas de aforro como é a adhesión a centrais de compra, así como o desenvolvemento de máis proxectos de eficiencia enerxética. Os proxectos dos edificios de NORMAL, ETSAC, Pavillón de Deportes, EPS, Humanidades e Reitoría rematados son un exemplo de posta en práctica de políticas de aforro económico, enerxético e de respecto do medio ambiente.

9) Aprobación da nova RPT

Tras un período de análise e diagnóstico das necesidades existentes dos postos de traballo da institución, o luns 15 de novembro publicouse no DOG a nova RPT. Esta relación de postos de traballo está baseada

nos principios de especialización de postos de alta cualificación, traballo en equipo e a flexibilización funcional.

10) Maior énfase na dixitalización

Como consecuencia da crise sanitaria da covid-19 vaise afondar na dixitalización dos procesos de xestión académica, económica e no apoio das novas tecnoloxías á docencia.

11) A Cidade das TIC: comezo da edificación do CSA

Vai dar comezo a construción do edificio do Centro de Servizos Avanzados (CSA) polo que se espera que no ano 2022 estea finalizado o primeiro dos novos edificios da Cidade das TIC. Este edificio pretende ser un centro de servizos avanzados no eido das TIC.